

## ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Sesión do 15 de maio de 2006

### SEÑORES/AS ASISTENTES:

D<sup>a</sup>. Corina Porro Martínez  
D. José Manuel Figueroa Vila  
D<sup>a</sup>. Lucia Molares Pérez  
D. Javier Jorge Guerra Fernández  
D<sup>a</sup>. Soledad Polo Lima  
D. Carlos Comesaña Abalde  
D. Antonio Coello Bufill  
D. José Manuel Couto Pérez  
D<sup>a</sup>. Marta Iglesias Bueno

### NON ASISTE:

D. Ignacio López-Chaves Castro.

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e tres minutos do día quince de maio de dous mil seis e baixo a presidencia da Excma. Alcaldesa, Sra. Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están presentes por invitación o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. Rivas Romero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

#### **1(460).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 8.046,92 € A PROL DE “FARO DE VIGO S.A.” EN CONCEPTO PUBLICIDAD INSTITUCIONAL. EXPTE. 3024/101.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do interventor xeral do 3.05.06, e de acordo co informe-proposta do do xefe de Relacións Púlbicas e Protocolo da Alcaldía, do 7.04.06, a Xunta de Goberno local acorda:

- 1º.- Validar as actuacións do gasto realizado sen fiscalización previa que figuran na factura seguinte:
  - N.º 2898, de “Faro de Vigo” (CIF. A-36600815), data de Rexistro Xeral 27/04/05, polo concepto “Contratación publicitaria institucional en especiais de fiestas de Bembrive (San Blas) y Castrelos (As Candelas), por importe de 8.046,92 euros, IVE incluído.

2º.- Recoñecer a obriga a favor de “Faro de Vigo”, con cargo á partida orzamentaria 111.1.226.02.00, “Publicidade Relacións Públicas”, por un importe total de 8.046,92 euros.

3º.- Dispoñer o gasto a favor de “Faro de Vigo”, por importe de 8.046,92 euros, IVE incluído, con cargo á partida orzamentaria 111.1.226.02.00, “Publicidade Relacións Públicas” do presuposto prorrogado actualmente en vigor

**2(461).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 NO R.C.A. Nº 303/2005 INTERPOSTO POR D. JOSE BEN COUTO CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. ESTIMADO.**

Dáse conta da sentenza de data 28.11.05, dictada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo no recurso contencioso-administrativo referido, interposto contra desestimación polo Concello de Vigo da reclamación que lle formulou o recorrente en concepto de responsabilidade patrimonial polos danos materiais e persoais ocasionados polo accidente que sufriu un fillo, Pedro Ben Blanco, o día 26.09.04 cando circulaba co seu ciclomotor pola rúa Porriño na confluencia coa avda. Castela, ao perder o control do mesmo e caer ao chan a causa do mal estado da calzada, por existencia de grava e baches sen a preceptiva sinalización. A Sentenza falla o seguinte:

Estimo o recurso contencioso administrativo interposto pola representación de D. José Ben couto, en representación do seu fillo menor de idade D. Pedro Ben Blonco, fronte ao Concello de Vigo contra a resolución arriba indicada, que se declara contraria a Dereito, coa conseguinte condena ao Concello a indemnizarlle polos danos e perdas en concepto de responsabilidade patrimonial na cantidade de 2.414,28 euros, con aplicación dos xuros legais correspondentes denda a dta da reclamación formulada en vía administrativa, o día 24.02.05, sen pronunciamento en materia de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ao Servizo de Patrimonio e Contratación, Intervención Xeral e Tesourería.

**3(462).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 328/2005 INTERPOSTO POR Dª. VICTORIA MARTÍNEZ MÍGUEZ CONTRA ACORDO DA X.GOVERNO LOCAL DESESTIMATORIO DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. DESESTIMADO.**

Dáse conta da sentenza de data 29.11.05, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso referido, interposto contra a desestimación municipal da reclamación por responsabilidade patrimonial formulada pola Sr. Martínez Miugel en data 14.05.04 en que solicitaba se lle indemnizara pola Administración municipal demandada na cantidade que lle correspondiera pola lesións que sufriu ao caerse á altura do número 56 da Avda. de Camilias debido ao mal estado das losetas. A Sentenza falla o seguinte:

Desestimo o presente recurso contencioso-administrativo interposto pola representación procesual de D<sup>a</sup>. Victoria Martínez Míguez fronte ao Concello de vigo contra a resolución arriba indicada, que se declara conforme a Dereito, sen pronunciamento en materia de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da Sentenza da que se dará conta ao Sevizo de Patrimonio e Contratación.

**4(463).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 255/2005 INTERPOSTO POR D. GUILLERMO PRESA SUAREZ CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. ESTIMADO PARCIALMENTE.**

Dáse conta da Sentenza de data 21.11.05, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Estimo parcialmente o recurso contencioso-administrativo interposto por D. Guillermo Presa Suárez fronte á desestimación presunta polo Concello de Vigo, da reclamación patrimonial efectuada polo actor en data 19 de Agostod e 2004, no expte.nº 678/243, por razón das lesións e danos materiais derivados da caída sufrida coa motocicleta Vespa P125X-Iris PO-0017-AC, o día 20 de agosto de 2003; resolución que anulo, ao enterdela contraria a Dereito, condenando á Administración demandada a aboar ao actor a cantidade de 957,42 euros, máis os xuros legais dende a data de reclamación en vía administrativa, sen procunciamento en materia de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta aos Servizos de Patrimonio e Contratación, Intervención Xeral e Tesourería.

**5(464).- SENTENZA DO TSXG NO R.C.A. Nº 02/4983/2002 INTERPOSTO POR D. JAIME GARRIDO RODRÍGUEZ CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. DESESTIMADO.**

Dáse conta da sentenza de data 14.10.05, dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, interposto contra a resolución do Concello de Vigo presuntamente desestimatoria polo silencio administrativo da reclamación de responsabilidade patrimonial formulada en relación cos danos sufridos o día 30 de maio de 2001, consecuencia dunha caída na vía pública, así como o posterior acto expreso dictado polo Concello de Vigo en data 5 de agosto de 2002. A Sentenza falla o seguinte:

Débase desestimar as pretensións deducidas no recurso contencioso-administrativo interposto pola procuradora D<sup>a</sup>. Concepción Pérez García en representación procesual de D. Jaime Garrido Rodríguez

contra as resolucións reseñadas no encabezamento desta resolución, pola súa conformidade co ordenamento xurídico; e iso sen facer especial pronunciamento con respecto á imposición das custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada da sentenza, da que deberá darse conta ao Servizo de Patrimonio e Contratación para o seu coñecemento.

**6(465).- SENTENZA DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 96/2005 INTERPOSTO POR D. CHOCOBONI S.L. E MARTIN ALEJANDRO ROCHA GOBERNA CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECLAMCIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. ESTIMADO.**

Dáse conta da sentenza de data 29.11.05, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Estimo o recurso contencioso-administrativo interposto pola representación de Chocoboni S.L. e Martín Alejandro Rocha Goberno fronte ao Concello de Vigo contra a desestimación presunta da súa reclamación en concepto de responsabilidade patrimonial (expediente nº 260/423) polo que declaro dito acto contrario a Dereito e a obriga do Concello de Vigo de indemnizar a Chocoboni S.L. coa cantidade de 875,57 euros e a Alejandro Martín Rocha Goberna coa cantidade de 178,60 euros, cantidades á que seranlle de aplicación os xuros legais dende a data da reclamación, formulada en vía administrativa o día 9.07.04, sen pronunciamento en materia de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada da sentenza, da que deberá darse conta aos Servizo de Patrimonio e Contratación, Intervención Xeral e Tesourería.

**7(466).- SENTENZA DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 208/2005 INTERPOSTO POR Dª. CLAUDINA LORENZO NOGUEIRA CONTRA DESESTIMACIÓN DE REC. DE REPOSICIÓN CONTRA INADMISIBILIDADE DE RECLAMACIÓN DE REONSABILIDADE PATRIMONIAL. ESTIMADO.**

Dáse conta da sentenza de data 21.11.05, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Desestimo o recurso contencioso-administrativo interposto por Claudina Lorenzo Nogueira contra a resolución de data 1 de abril de 2005, do concelleiro delegado de Patrimonio do Concello de vigo polo que se desestima o recurso de reposición interposto polo recorrente fronte ao decreto de 28.09.04 no que se acordo “Declarar a inadmisibilidade da reclamación formulada por Dª. Claudina López Nogueira por canto a competencia para a resolución do correspondente procedemento de responsabilidade patrimonial compete á Xunta de Galicia”; resolucións que confirmo ao entendelas axustadas a Dereito.

A Xunta de Goberno local queda enterada da sentenza, da que deberá darse conta ao Servizo de Patrimonio e Contratación para o seu coñecemento.

**8(467).- SENTENZA DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 372/05 INTERPOSTO POR POMPAS FÚNEBRES SANTA CRISTINA S.L. CONTRA DESESTIMACIÓN DE REC. REPOSICIÓN CONTRA RESOLUCIÓN RECAÍDA NO EXPTE. SANCIONADOR Nº 5981/255/04. ESTIMADO.**

Dáse conta da sentenza de data 28.02.06, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Estimo o recurso contencioso-administrativo formulado por Pompas Fúnebres Santa Cristina S.L. fronte ao Concello de Vigo contra a resolución do concelleiro delegado da Área de Asuntos Sociais do Concello de Vigo de 22.12.04 desestimatoria do recurso de reposición interposto pola empresa Pompas Fúnebres Santa Cristina, Sociedad Limitada, fronte á resolución sancionadora dictada polo Concello no expediente sancionador número 5981/255-04, ao considerala autora dunha infracción do art. 22.4.h) da Ordenanza xeral reguladora da actividade funeraria no término municipal de Vigo (BOP de 15.11.2000) por operar dentro do término municipal de Vigo clandestinamente sen contar coa licenza ou autorización, no seu caso, que esixe a Ordenanza no seu art. 5, resolución que se anula de acordo cos pronunciamentos desta sentenza, por considerar ilegal o apartado 3º do art. 18 da Ordenanza.

A Xunta de Goberno local queda enterada da sentenza.

**9(468).- SENTENZA DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 56/2004 INTERPOSTO POR Dª RITA CORRAL FERNÁNDEZ CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. ESTIMADO PARCIALMENTE.**

Dáse conta da sentenza de data 29.11.05, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Estimo parcialmente o recurso contencioso-administrativo interposto pola representación de Rita Corral Fernández fronte ao Concello de vigo, condenando á Administración municipal demandada a retrotraer as actuacións practicadas no expediente administrativo número 16027/240 de 2003 na forma esixida no seu día por ditame do Consello Consultivo de Galicia de 20.11.2003 (ff.84-88 do expediente) e unha vez cumprimentados os trámites cuxa auxencia na instrucción provocou tal ditame, a dictar resolución expresa sobre a reclamación patrimonial formulada no seu día pola agora recorrente, nos terminos esixidos legalmente, con expresa determinación do título de imputación de responsabilidade en que base dita resolución expresa. Todo iso con expresa condena en custas á Administración municipal polos motivos expostos no FJ 6º desta resolución.

A Xunta de Goberno local queda enterada da sentenza, da que deberá darse conta ao Servizo de Patrimonio e Contratación.

**10(469).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 NO PROCED. ORD. 25/05 INTERPOSTO POR Dª VICENTA LÓPEZ FILGUEIRA CONTRA DESESTIMACIÓN DE REC. REPOSICIÓN CONTRA DESESTIMACIÓN DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. DESESTIMADO.**

Dáse conta da sentenza de data 27.04.06, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 no recurso de referencia, interposto contra resolución de 25.10.04 desestimatoria do recurso de reposición interposto por Dª. Vicenta López Filgueira fronte a desestimación da súa reclamación en concepto de responsabilidade patrimonial, de 19.08.04, para ser indemnizada polo Concello polos danos e perdas sufridos con motivo dunha caída na vía pública que tivo lugar o día 3.02.04 a consecuencia de obras na rúa García Barbón á altura dos números 128-130. A Sentenza falla o seguinte:

Desestimo o presente recurso contencioso-administrativo seguido como PO.25/05 a instancia de Dª. Vicenta López Filgueira fronte ao Concello de vigo contra a resolución arriba indicada, acto que declaro conforme a Dereito, sen pronunciamento en materia de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada da sentenza, da que deberá darse conta ao Servizo de Patrimonio e Contratación.

**11(470).- SENTENZA DO TSXG NO R.C.A. Nº 4726/2001 INTERPOSTO POLA FEDERACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DO COMERCIO DE PONTEVEDRA CONTRA RESOLUCIÓNS DO 7.05.01 QUE CONCEDEN A CENTROS COMERCIAIS CONTINENTE S.A., LICENZA DE ACTIVIDADE E INSTALACIÓN DE CENTRO COMERCIAL EN TRAV. DE VIGO. DESESTIMADO.**

Dáse conta da sentenza de data 9.02.06 dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Desestimamos o recurso contencioso-administrativo interposto pola Federeción Provincial de Empresarios de Comercio de Pontevedra contra dúas resolucións de 7.05.01 pola que se concede a Centros Comerciais Continente S.A. licenza de actividade e instalación de centro comercial en Trav. De Vigo e construción de edificio e contra acordo de 27.04.02 (o que foi obxecto de ampliación) sen especial mención en canto ao pagamento de custas procesuais.

A Xunta de Goberno local queda enterada da sentenza, da que deberá darse conta ao Servizo de Patrimonio e Contratación.

**12(471).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 326/2004 INTERPOSTO POR Dª MARIA JOSE RODRÍGUEZ ROCHA CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. INADMISIBLE POR EXTEMPORANEIDADE DA AMPLIACIÓN.**

Dáse conta da sentenza de data 11.07.05, dictada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Declaro inadmisibile por extemporaneidad da ampliación, o recurso contencioso-administrativo interposto pola representación de Dª María José Rodríguez Rocha fronte ao Concello de Vigo, sen pronunciamento en materia de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada da sentenza, da que deberá darse conta ao Servizo de Patrimonio e Contratación para o seu coñecemento.

**13(472).- SENTENZA DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 205/2004 INTERPOSTO POR Dª. ADELA MARÍA GONZÁLEZ PALACIOS CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. ESTIMADO PARCIALMENTE.**

Dáse conta da sentenza de data 13.12.05, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Con estimación parcial do presente recurso contencioso-administrativo núm: P.O. 205/04 interposto por Dª. Adelaida María González Palacios fronte ao Concello de Vigo, contra a desestimación da súa reclamación en concepto de responsabilidade patrimonial dos danos e perdas sufridos a consecuencia do funcionamento dun servizo público, declaro dito acto contrario a Dereito, e a condena á Administración municipal demandada a aboar á actora a cantidade de 20.154 euros, máis os xuros legais devengados dende a dta da reclamación patrimonial en vía administrtriva, sen imposición de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada da sentenza, da que deberá darse conta ao Servizo de Patrimonio e Contratación para o seu coñecemento.

**14(473).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO 4.C.A. 150/2004 INTERPOSTO POR Dª CARMEN SÁNCHEZ FERNÁNDEZ CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. ESTIMADO PARCIALMENTE.**

Dáse conta da sentenza de data 13.12.05 dictada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Estimo parcialmente o recurso contencioso administrativo interposto por D<sup>a</sup> Carmen Sánchez Fernández, seguido como P.O. 150/04 ante este Xulgado, fronte ao Concello de Vigo contra a desestimación municipal presunta da súa reclamación en concepto de responsabilidade patrimonial con condena ao Concello de Vigo a aboarlle á actora a cantidade de 8.633,40 euros, á que lle serán de aplicación os xuros legais dende a data da reclamación, formulada pola demandante ante a Administración municipal en data 18.06.03, sen pronunciamento en materia de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada da sentenza, da que deberá darse conta aos Servizo de Patrimonio e Contratación, Intervención Xeral e Tesourería.

**16(474).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 212/2004 INTERPOSTO POR D<sup>a</sup> MARÍA DEL CARMEN CID ALONSO CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. DESESTIMADO.**

Dáse conta da sentenza de data 29.11.05 dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, no recurso de referencia, interposto contra desestimación presunta de reclamación formulada por D<sup>a</sup>. María del Carmen Cid Alonso ante o Concello de Vigo en concepto de responsabilidade patrimonial polos danos e perdas persoais sufridos polo falecemento do seu fillo Eladio, a causa dun accidente sufrido o día 8.08.02 cando este circulaba coa súa motocicleta pola estrada do Pazo, que discorre polo interior do Parque Municipal Quiñones de León, a consecuencia da presenza no seu camiño dunha cadea de metal colocada ao inicio da entrada pola que pretendía circular sen sinalización ningunha. A Sentenza falla o seguinte:

Desestimo o presente recurso contencioso administrativo interposto pola representación procesual de D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> del Carmen Cid Alonso fronte ao Concello de Vigo, na que figura como interesada Mapfre Industrial SAS contra a resolución arriba sinalada, que se declara conforme a Dereito, sen pronunciamento en materia de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada da sentenza, da que deberá darse conta ao Servizo de Patrimonio e Contratación.

**17(475).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 118/2005 INTERPOSTO POR D<sup>a</sup>. ELENA SERRANO VILANOVA CONTRA ACORDO DA X.GOVERNO LOCAL DESESTIMATORIO DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. ESTIMADO.**



Dáse conta da sentenza de data 13.09.05, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Que estimando o presente recurso contencioso-administrativo nº P.A. 118/05, interposto pola representación procesual de D<sup>a</sup>. Elena Serrano Vilanova, contra a desestimación polo Concello de Vigo da súa reclamación en concepto de responsabilidade patrimonial formulada en data 24.11.02, condena á Administración demandada a aboarlle a cantidade de 3.971,57 euros, máis os xuros legais dende a data da reclamación, debendo responder solidariamente co Concello a Compañía Aseguradora MUSINI, S.A. na contía de 966,51 euros, todo iso sen pronunciamiento en materia de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada da sentenza, da que deberá darse conta ao Servizo de Patrimonio e Contratación para o seu coñecemento.

**18(476).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO R.C.A. Nº 48/06 INTERPOSTO POR D. JOSE ANGEL GONZÁLEZ SERRANO CONTRA ACORDO DA X.GOVERNO LOCAL DESESTIMATORIO DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. DESESTIMADO.**

Dáse conta da sentenza de data 12.04.06, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo, no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Que debo desestimar e desestimo a demanda formulada pola procuradora dos tribunais D<sup>a</sup> Victoria Barros Estévez en nome e representación de D. José Angel González Serrano, contra o acordo da Xunta de Goberno local do Concello de Vigo de 24.10.05, pola que se desestimou a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada polo actor, como consecuencia do accidente sufrido polo mesmo o 26.01.01, cando circulaba co vehículo de seu, Renault 19, matrícula PO-5812-AS, pola rúa Angel de Lema e Marina, á altura do número 118, sen facer expresa imposición de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada da sentenza, da que deberá darse conta ao Servizo de Patrimonio e Contratación..

**19(477).- AUTO DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO PROC.ORD. Nº 47/05 INTERPOSTO POR D<sup>a</sup> SEGUNDA LAGO PÉREZ CONTRA ACORDO DA X.GOVERNO LOCAL DESESTIMATORIO DE SOLICITUDE DE EXCLUSIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL DE FRANXA DE TERREO DE CORUXO. INCOMPETENCIA DE XURISDICCIÓN.**

Dáse conta do auto de data 24.04.06, dictado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia interposto contra desestimación presunta do seu recurso de reposición contra o acordo da Xunta de Goberno local de data 22.11.04, desestimatorio da solicitude de exclusión do

Inventario municipal dunha franxa de terreo no Barrio da Carrasqueira, Coruxo. O auto acorda na súa parte dispositiva o seguinte:

Declárase a incompetencia desta xurisdicción contenciosa para coñecer do asunto obxecto do presente recurso, por entender competente para o seu coñecemento á orde xurisdiccional civil.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido do auto.

**20(478).- AUTO DO X. DE PRIMEIRA INSTANCIA Nº 4 DE VIGO NO PROCED.ORD. 172/2005 INTERPOSTO POLA COMUNIDADE DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN DE STA. MARINA DE CABRAL EN RECLAMACIÓN DE PARCELA DE MONTE VENDIDA POLO CONCELLO. SOBRESEIMENTO DO XUÍZO.**

Dáse conta do auto de data 19.04.06, dictado polo Xulgado de Primeira Instancia nº4 do Concello de Vigo, no recurso de referencia, que acorda na súa parte dispositiva o seguinte:

Desestímase a oposición formulada pola entidade “Forbo Adhesives Spain S.L.” ao desestimento da actora. Acordase o sobreseimento do xuízo podendo a parte actora promover outro novo sobre o mesmo obxecto. As custas causadas por Forbo Adhesives Spain S.L. impóñense á parte actora. Non se fai imposición das custas causadas polo Concello de Vigo. Declárase rematado o proceso.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido do auto.

**21(479).- AUTO DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO R.C.A. Nº 79/2006 INTERPOSTO POR D. JOSE LUIS PADRÓN MARTÍNEZ CONTRA RESOLUCIÓN DESESTIMATORIA DE REC. DE REPOSICIÓN CONTRA SANCIÓN DE TRÁFICO. DECLARA REMATADO O RECURSO.**

Dáse conta do auto de data 30.03.06, dictado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no recurso de referencia, que acorda na súa parte dispositiva o seguinte:

Declarar rematado o presente recurso contencioso-administrativo promovido polo letrado D. Abraham Tenreira Reina en nome e representación de D. Jose Luis Padrón Martínez contra a resolución do concelleiro delegado de Seguridade de 23.11.05, dictada no expediente 10501098406, pola que se desestimou o recurso de reposición interposto polo recorrente contra a sanción de 92 euros imposta por resolución de 20.09.05, ao existir satisfacción extraprocesual por revogación en virtude do Decreto de 27.02.06 que anulou a sanción recorrida, sen imposición de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido do auto.

**22(480).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTES. 22/1134, 2/1517.**

Examinadas as actuacións dos expedientes, vistos os informe-proposta do xefe de Sector de Acción Social, conformados pola delegada da Área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestaicón do Servizo de Axuda no Fogar ás seguintes persoas:

- D<sup>a</sup>. Purificaicón González Rodríguez. Expte. 22/1134
- D<sup>a</sup>. Carmen Rodríguez Alonso. Expte. 2/1517.

**23(481).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DO APA DO CEIP SOBREIRA VALLADARES PARA A ORGANIZACIÓN DO “CROSS ESCOLAR SOBREIRA VALLADARES” O DÍA 21.05.06. EXPTE. 6117/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 24.04.06, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a APA do CEIP Sobreira Valladares a organizar o vindeiro día 21 de maio de 2006 o cross escolar Sobreira Valladares que está previsto se desenvolva no colexio e arredores entre as 09:30 h. e as 13:30 h.

**24(482).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FUNDACIÓN SECRETARIADO GITANO PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS DIRIXIDAS Á POBOACIÓN XITANA. EXPTE. 3638/77.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 21.02.06 e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 21.02.06, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o texto de Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Fundación Secretariado Gitano, incluído no expediente, para a súa sinatura, asumindo a obriga de cofinancialo por un importe de 32.472,96 euros.

2º.- Autorizar o gasto de 32.472,96 euros, como contrapartida do estipulado no presente convenio, a favor da Fundación Secretariado Gitano, CIF. G-83117374, con cargo á partida 322 0 489 00 00 do vixente orzamento.

3º.- Facultar á concelleira delegada da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local para a sinatura deste convenio.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN  
SECRETARIADO GITANO

En Vigo, de de 2006

*INTERVEÑEN:*

*Dunha parte, o Concello de Vigo, representado por Dona Lucía Molares Pérez, concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local nomeada por Resolución de Alcaldía de data 17 de decembro de 2003. O Concello de Vigo desenvolve, principalmente a través da Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego, políticas activas de formación e emprego.*

*Doutra parte, D. Pedro Puente Fernández, na súa calidade de Presidente da Fundación Secretariado Gitano, segundo escritura de data 23 de febreiro de 2005. A Fundación Secretariado Gitano ten como fin fundamental a promoción integral da comunidade dende o recoñecemento da súa identidade cultural.*

*Ambas partes interveñen en virtude dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades e atribucións que teñen conferidas para poder convenir e obrigarse no nome das institucións e ámbitos que representan.*

*MANIFESTAN:*

*Primeiro- Que a construción dunha Europa moderna, cohesionada e socialmente integrada, pasa pola extensión da liberdade, a xustiza, a igualdade e a solidariedade entre todas as persoas, para o que é necesario remexer e eliminar os obstáculos de toda clase que impiden ou limitan aínda o exercicio dos dereitos cidadáns, a plena participación de todos no curso ordinario da vida social e o acceso en igualdade de condicións aos bens e servizos da comunidade.*

*Segundo- Que é responsabilidade de todas as instancias sociais incluír a promoción da integración e a loita contra a exclusión en todas as súas iniciativas e actividades, pois a fractura social que supón a marxinação e a postergación de grupos ou comunidades de cidadáns, constitúe unha contradicción cos principios e prácticas que deben informar as sociedades democráticas avanzadas.*

*Terceiro- Que a nova sociedade baseada no coñecemento, como expresamente se recoñece no documento de Conclusións do Consello Europeo de Lisboa de 23 e 24 de marzo de 2000, ofrece un enorme potencial para reducir a exclusión social, tanto mediante a creación de condicións económicas que redunden nunha maior prosperidade da que non queden marxinados ningún grupo ou comunidade, como promovendo novos xeitos de participación na sociedade.*

*Cuarto- Que a sociedade do coñecemento non garante, por si soa, senón que introduce o risco de que se produzan diferencias cada vez maiores entre quen es teñen acceso aos novos coñecementos e os que, por partir dunha situación de obxectiva desvantaxe, quedan á marxe das novas oportunidades. Para evitar este risco certo e*

*aproveitar ao máximo este novo potencial, débense facerse esforzos para mellorar as cualificacións, promover un acceso amplo aos coñecementos e loitar contra o desemprego.*

*Quinto- Que o emprego é a mellor e máis segura salvagarda contra a exclusión social. En efecto, o emprego e o seu presuposto, a formación, constitúen factores esenciais no proceso de integración e plena participación sociais dos grupos vulnerables ou en risco de exclusión, obxectivo preferente da acción das entidades asinantes deste Convenio, pois esta vía de socialización permite ás persoas facer o que os demais fan e tórnaas socialmente visibles e útiles, estendendo o sentimento de pertenza e de corresponsabilidade no desenvolvemento e progreso da comunidade.*

*Sexto- Que os recursos económicos que teñen a súa orixe nos Fondos Estructurais e as Iniciativas Comunitarias da Unión Europea constitúen unha ferramenta especialmente apropiada para promover e desenvolver accións positivas de fomento do emprego e loita contra a exclusión, sexa cal sexa a forma que adopte, polo que representan unha vía de financiamento de especial interese para as organizacións que, como as asinantes deste convenio, traballan pola promoción humana e desenvolvemento integral de todas as persoas.*

*Sétimo- Que as organizacións que accedan a eses fondos teñen a responsabilidade de xestionalos e adminístralos do mellor xeito posible, intercambiando experiencias, coñecementos, creando economías de escala, promovendo a intersectorialidade e establecendo marcos de colaboración globais que amplíen os beneficios e intensifiquen os resultados destas accións, abarcando ao maior número posible de persoas.*

*Oitavo- Que ámbalas dúas partes conveñen na necesidade de establecer unha cooperación tendente a aunar os seus esforzos de cara a posibilitar unha maior inserción social e laboral da comunidade xitana, que conleve a posta en práctica das Directrices do Plan de Acción para o Emprego do Reino de España, así como do propio Plan Municipal de Emprego 2004-2007 do Concello de Vigo. As partes coinciden en que a situación dos xitanos, con baixos niveis de instrución e altas taxas de desemprego, require a posta en marcha de medidas activas nos campos da formación profesional e o emprego para unha completa incorporación social. Neste sentido, considérase ás persoas xitanas como un grupo específico, cun proceso de inserción laboral que require, segundo manifestan os expertos, e dadas as súas peculiaridades e diferencias culturais, un tratamento especializado e integral, que debe ser impulsado de forma positiva cunha política global, de xeito que se superen actuacións parciais ou fragmentadas, así coma o risco da dispersión dos recursos dispoñibles.*

*Noveno- Que a Fundación Secretariado Gitano é a encargada de xestionar, por terse subrogado de todas as actividades da Asociación Secretariado General Gitano, as actuacións dirixidas á poboación xitana a través do Programa Operativo Plurirrexional de Loita contra a Discriminación do Fondo Social Europeo 2000-2006, no que se enmarcan as actuacións obxecto do presente convenio. É vontade das partes concretar esta colaboración durante o período completo de vixencia do Programa Plurirrexional de Loita contra a Discriminación do Fondo Social Europeo 2000-2006, vontade que se deberá ir concretando nos correspondentes convenios de colaboración.*

*Décimo- En atención a estas consideracións, as organizacións abaixo asinantes, desexando estreitar lazos, unir esforzos e actuar aunadamente para mellorar as condicións de vida e a plena participación social dos compoñentes dos grupos cidadáns e comunidades destinatarios da súa actividade e co obxectivo común de mellorar a capacidade de integración social da comunidade xitana, especialmente no mercado de traballo e o emprego, acordan subscribir o presente Convenio de Colaboración de acordo coas seguintes*

**CLÁUSULAS:**

*Primeira.- O presente Convenio ten como obxecto fixar os termos da colaboración entre os asinantes para o desenvolvemento das accións que se dirixirán á poboación xitana no marco do Programa Plurirrexional de Loita contra a Discriminación do Fondo Social Europeo 2000 - 2006.*

*Segunda.- O obxectivo común das accións será o da mellora da capacidade de integración e incorporación da comunidade xitana no mercado de traballo e o emprego e o impulso de políticas sociais máis activas coa mesma. A colaboración prevista versará especialmente sobre as materias de formación profesional ocupacional, orientación laboral, acompañamento no acceso ao emprego, accións de sensibilización dirixidas a empresarios e entes públicos, estudos e metodoloxía a aplicar ós programas.*

*Terceira.- A Fundación Secretariado Gitano, no marco do Programa Plurirrexional de Loita Contra a Discriminación Fondo Social Europeo 2000-2006, desenvolverá as seguintes actuacións na cidade de Vigo (conforme á memoria do proxecto Acceder para 2006, que se achega con este expediente, e que forma parte do convenio):*

- *Mantemento dun dispositivo de emprego coa funcionalidade de realización de:*

*a) Accións de captación e acollida de usuarios/as ademais de sensibilización da comunidade xitana arredor das oportunidades e dificultades do mundo do emprego por conta allea.*

*b) Accións de información, orientación laboral, e busca activa de emprego con cada un dos usuarios/as do programa. Estas accións apoiaranse nun traballo individualizado con cada persoa, desenvolvendo un itinerario de empregabilidade e de capacitación persoal e profesional que será pertinentemente recollido na base de datos xeral do programa e nos instrumentos de seguimento deseñados para tal fin.*

*c) Accións de acompañamento e acceso da poboación cigana, preferentemente moza, á formación e ao emprego. En especial realizaranse accións de prospección do mercado de traballo, de intermediación de ofertas de emprego, de selección de persoal dentro dos perfís máis elevados de empregabilidade de cantos figuren na nosa bolsa de emprego e un deseño de accións formativas axustadas ás demandas percibidas e axustadas ás capacidades e inclinacións dos usuarios/as do programa. Cada ano realizarase alomenos unha acción de formación con compromiso de contratación ou con un forte impacto avaliabile no acceso ao emprego.*

- *Desenvolvemento dunha serie de actuacións dirixidas a impulsar políticas sociais máis activas coa comunidade xitana, especialmente as relacionadas co acceso ao sistema de saúde, como base dunha produtividade estable, á formación profesional, á incorporación social plena da muller xitana e á eliminación da discriminación no acceso xeral aos bens e servizos, con especial atención aos relacionados coa vivenda e o emprego.*

*Cuarta.- O Excmo. Concello de Vigo aportará anualmente para o desenvolvemento destas accións en concepto de cofinanciamento a cantidade de 32.472,96 euros. Dita cantidade incrementarase anualmente de acordo á suba prevista do Índice de Prezos ao Consumo e non poderán proceder de fondos europeos, co obxecto de garantir o principio de adicionalidade establecido polos Regulamentos. Esta cantidade farase efectiva do seguinte xeito:*

- *o 50% (16.236,48 euros) no momento da sinatura do convenio, para facer fronte os custos de posta en marcha das actividades incluídas no presente convenio;*
- *o 25% (8.118,24 euros) cando se presenten e conformen as facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente que xustifiquen a realización da actividade, nunha contía mínima igual á cantidade adiantada;*

- o 25% restante (8.118,24 euros) cando se acredite gasto polo importe total da cofinanciación municipal, que se realizará, como máximo, aos tres meses a partir do remate da vixencia do convenio e se acompañará dunha memoria final da execución xustificativa e avaliativa do gasto.

Estes pagos faranse efectivos tras a oportuna tramitación por parte do responsable do departamento municipal xestor (Desenvolvemento Local e Emprego) da correspondente certificación de cumprimento dos compromisos adquiridos.

Quinta.- Incentivarase, polas partes asinantes deste Convenio, a promoción daquelas iniciativas que teñan por finalidade a inserción das persoas xitanas novas desempregadas e en situación de exclusión social, con especial relevancia nos mozos entre dezaseis e vintecinco anos. Prestarase especial atención ao fomento dos servizos de proximidade e aos empregos e ocupacións vencellados a estas actividades que podan repercutir na mellora das condicións de vida da poboación gitana. Dentro do citado marco normativo, poderán desenvolverse accións tales como estudos e análises prospectivas que afonden nun maior coñecemento da situación da comunidade gitana, temas relacionados cos servizos de proximidade, a mellora da calidade de vida das persoas e a cultura. Así mesmo poderá impulsarse o desenvolvemento de programas, metodoloxías, enfoques e materiais didácticos adaptados á comunidade gitana, así como o establecemento de novos sistemas de avaliación e auditoría das actividades formativas e o seus resultados.

Sexta.- A Fundación Secretariado Gitano, con suxección á normativa aplicable e aos termos dos convenios e instrumentos que ao efecto se suscriban, desenvolverá estes proxectos e programas, obrigándose ao estrito cumprimento das instrucións do Concello de Vigo, así como ás do Fondo Social Europeo en materia de control, seguimento, avaliación e xustificación da actividade e os resultados da mesma.

Sétima.- As partes establecerán iniciativas de divulgación e difusión dos contidos deste Convenio e das actuacións que se desenvolvan no marco do mesmo, co obxecto de garantir o maior grao de coñecemento destes proxectos pola sociedade e, en particular, polos propios interesados. A identificación destes proxectos levarase a cabo de xeito que a identidade corporativa dos asinantes se respecte en todo momento e o carácter público da iniciativa sexa coñecido por parte dos usuarios/as da mesma. Así mesmo, deixarase constancia fehaciente da participación do Fondo Social Europeo, e no seu caso do FEDER, naquelas accións que sexan financiadas, en todo ou en parte, por este Fondo Estructural, a tenor do disposto na Decisión da Comisión das Comunidades Europeas de 21 de marzo de 1999.

Oitava.- Co obxecto de garantir a adecuada coordinación e cumprimento dos compromisos e obxectivos antes expostos, crearase unha Comisión de Seguimento que desenvolverá as funcións que ao respecto sexan necesarias e, entre outras, as seguintes:

- a) A elaboración de propostas que condúzan á consecución dos obxectivos do Convenio.
- b) A determinación dos obxectivos do plan anual de traballo.
- c) A supervisión dos informes de seguimento e avaliación, así como seguimento do seu desenvolvemento.
- d) Cantas accións sexan precisas para impulsar os obxectivos previstos.
- e) Participar nas reunións que teñan lugar a nivel autonómico.

A tal fin, dita Comisión de Seguimento está integrada por dous representantes de cada unha das partes asinantes, sendo presidida por un representante do Concello de Vigo e tendo que reunirse, cando menos, dúas veces ao ano. Os/as representantes do Concello de Vigo serán nomeados polo Alcalde, a proposta da Concelleira delegada de Promoción Económica e Desenvolvemento Local.

*A Comisión de Seguimento poderá decidir a creación de grupos de traballo para o desenvolvemento da súa actividade naquelas materias que así o requiran.*

*Á súa vez os membros desta Comisión de Seguimento participarán nas reunións que se organicen na Comunidade Autónoma, nas cales estarán presentes o resto de entidades que participan no proxecto no ámbito autonómico.*

*Novena.- A este Convenio poderán adherirse e cooperar no seu desenvolvemento, as organizacións públicas e privadas (empresas, fundacións, medios de comunicación, ...), así como asociacións que interveñen coa comunidade xitana que se atopen en condicións de cooperar ao maior e máis eficaz desenvolvemento destas iniciativas.*

*Décima.- As accións que se executen no desenvolvemento do establecido no presente Convenio de Colaboración, axustaranse en todo momento aos requisitos, condicións, prazos legais e regulación en xeral contidos na normativa que resulte aplicable en función da materia, nomeadamente Lei 38/2003 de 17 de novembro, Lei Xeral de Subvencións, lei 30/1992 de 26 de novembro de RXAP-PAC.*

*As actuacións en materia de cesión de datos de carácter persoal axustaranse ao disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Regulación do Tratamento Automatizado dos Datos de Carácter Persoal.*

*Undécima.- O presente Convenio terá vixencia dende o 1 de xaneiro de 2006 ata o 31 de decembro de 2006 e, previo acordo expreso do órgano competente, poderá ser prorrogado por novos períodos de un ano ata o final do Plan municipal de emprego 2004-2007.*

*As partes, en proba da súa conformidade, asinan o presente Convenio de Colaboración, en triplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezamento.*

**25(483).- PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DO PERSOAL PARA CONTRATAR POLO CONCELLO DE VIGO NO MARCO DA SUBVENCIÓN DE PROGRAMAS DE COOPERACIÓN PARA O ANO 2006.EXPTE. 3729/77.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da coordinadora do Plan municipal de Emprego, conformado polo xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego e a concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, que di o seguinte:

*A orde do 23 de marzo de 2006 da Consellaría de Traballo pola que se establecen as bases que rexen determinados programas de axudas, para o exercicio do ano 2006, da Consellaría de Traballo que, baixo a rúbrica xeral de Programas de Cooperación, están destinados ao financiamento de accións de fomento de emprego por parte das entidades locais e se procede á súa convocatoria, establece no seu artigo 12º os requisitos e criterios para a preselección do persoal traballador para contratar que aplicará o Servizo Público de Emprego, da Xunta de Galicia, nas súas sondaxes.*

*Dado que o Concello de Vigo solicitou, con data 28 de abril de 2006, subvención para a realización de diferentes memorias no marco desta orde, complementariamente ao procedemento establecido para o envío de candidatos/as é preciso agora establecer o procedemento que se seguirá para a selección definitiva de traballadores/as por parte do Concello, ante a prevista inminencia de recibir Resolucións aprobatorias de subvención para a execución daquelas memorias que finalmente a Xunta de Galicia aprobe.*



Unha vez remitidos/as os/as candidatos/as para cada praza por parte do Servizo Público de Emprego, de acordo coa oferta de emprego presentada e seguindo os criterios establecidos na citada orde, constituirase unha Comisión encargada da selección definitiva do persoal. Esta Comisión de Selección estará formada polas seguintes persoas:

- Concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, ou persoa en quen delegue, que a presidirá.
- Concelleiro/a do departamento municipal responsable da execución de cada memoria, ou persoa en quen delegue.
- Un/unha técnico/a do departamento de Desenvolvemento Local e Emprego, nomeado/a pola Concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, que actuará como Secretario/a.
- Un/unha técnico/a do servizo ou departamento municipal encargado da execución de cada memoria, nomeado/a polo seu respectivo concelleiro/a delegado/a.
- Un/unha representante da parte social do Acordo sobre as condicións socioeconómicas das contratacións realizadas ao abeiro do Plan municipal de emprego 2004-2007, asinado o 7 de xuño de 2004, segundo o estipulado no seu artigo 18º.

Da valoración que a Comisión de Selección realice dos/as candidatos/as enviados/as, e tras as probas que se estime oportuno realizar (probas específicas, entrevista persoal, etc), emitirase Acta co listado definitivo do persoal que se contratará para cada un dos proxectos, así como os/as suplentes para cada praza. Nesta valoración teranse en conta os seguintes criterios:

- ❑ Formación complementaria adecuada ao posto de traballo, puntuarase ata un máximo de 3 puntos (inclúense neste apartado os cursos de galego e as súas validacións segundo a Orde do 1 de abril de 2005).

Horas lectivas	Puntuación
De 20 a 49	0.1
De 50 a 99	0.2
De 100 a 199	0.3
De 200 a 299	0.4
300 ou máis	0.5

- ❑ Experiencia profesional (relacionada co posto de traballo e dentro do mesmo grupo de cotización), puntuarase ata un máximo de 3 puntos (0,1 por mes traballado).
- ❑ As probas específicas e/ou entrevista persoal, de realizarse, puntuaranse ata un máximo de 5 puntos.
- ❑ Outros méritos (publicacións, relatorios, outras titulacións relacionadas, posgraos...), valoraranse ata un máximo de 1 punto.

Ademais, tendo en conta os obxectivos do Plan municipal de emprego 2004-2007 onde se especifican cales son os seus colectivos prioritarios (mozos/as, parados/as de longa duración, maiores de 45 anos, mulleres, persoas vítimas de violencia doméstica e discapacitados/as), puntuarase:

- ❑ Idade:

De 18 a 25 anos	0,5 puntos
De 45 a 65 anos	0,5 puntos

- ❑ Desemprego de longa duración:

0,5 puntos por un ano ou máis en desemprego, segundo vida laboral, contado o tempo en desemprego a partir do último contrato de traballo cunha duración de cinco meses ou máis (a tempo completo ou a parte proporcional se é a tempo parcial).

- ❑ Muller:

0,5 puntos no caso de ser muller desempregada.

- ❑ Persoas vítimas de violencia doméstica, que así o acrediten:  
0,5 puntos.
- ❑ Discapitados/as, cunha minusvalía igual ou superior ao 33% e debidamente acreditada mediante o certificado correspondente:  
0,5 puntos, sempre que a súa discapacidade non sexa incompatible co desempeño do traballo.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 12º da Orde que regula os Programas de Cooperación para o ano 2006, terán prioridade no proceso selectivo aqueles/as traballadores/as que non foran contratados/as polo Concello de Vigo, nos últimos dous anos, no marco desta mesma subvención.

Vista a documentación que obra no expediente, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1. Aprobar o procedemento establecido neste Informe-proposta, de selección dos/as traballadores/as para contratar no marco dos Programas de Cooperación para o ano 2006.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba o procedemento establecido no precedente informe-proposta, de selección dos/as traballadores/as para contratar no marco dos Programas de Cooperación para o ano 2006.

### **26(484).- PROCEDEMENTO DE PAGO DE BOLSAS-AXUDAS PARA OS PARTICIPANTES DO PROXECTO ACTÍVATE. EXPTE. 3727/77.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 9.05.06, dáse conta do informe-proposta do coordinador do Proxecto Actívate, do 3.05.06, conformado polo xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego e pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, que di o seguinte:

*O Proxecto ACTÍVATE é unha iniciativa posta en marcha pola Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego que conta cunha axuda económica no marco da Subvención Global do Fondo Social Europeo e que pretende elaborar e implementar itinerarios de inserción laboral para a capacitación e especialización de persoas desempregadas no sector de atención a persoas e tamén de demandantes de emprego con especiais dificultades para a súa inserción no mercado de traballo, pola súa pertenza a colectivos en situación ou en risco de exclusión social. Estes obxectivos materialízanse nos itinerarios de condutor/a-monitor/a de transporte adaptado e escolar, auxiliar de axuda a domicilio, axudante de cociña en centros escolares e sociosanitarios, experto/a en limpeza, experto/a en lencería, lavandería e pasado de ferro (“planchado”) e teleoperador/a, para un total de 90 persoas beneficiarias.*

A unidade xestora do proxecto (Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego) elaborou as Bases para o procedemento de captación e selección de beneficiarios/as do Proxecto Actívate que foron aprobadas pola Xunta de Goberno Local o 20 de marzo de 2006 (exp. 3659/077). Nestas bases establecéronse os requisitos que deben cumprir os/as beneficiarios/as do proxecto e o procedemento de selección (achégase copia).

As Bases reguladoras da convocatoria única dos anos 2005 e 2006 para a concesión das axudas da Subvención Global do Fondo Social Europeo na súa base 5ª establece que as persoas destinatarias das actividades subvencionables deberán ser desempregadas e estar inscritas como demandantes de emprego no Servizo de emprego

público; así mesmo na base 6ª punto 3 desas mesmas bases e no punto 4º apartado 3 das Instrucións para a aplicación e desenvolvemento das bases reguladoras da concesión das axudas da Subvención Global establece que os/as traballadores/as desempregados/as que participen nos módulos de práctica laboral e formación previstos no proxecto poderán ser perceptores/as de axudas por unha contía mensual non superior ao 75% da contía fixada para o Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM) para o ano 2006. Estas axudas serán incompatibles coa percepción da prestación e subsidio por desemprego así como con outras axudas públicas para a mesma finalidade. (Achégase copia das bases reguladoras da convocatoria única dos anos 2005 e 2006 para a concesión das axudas da Subvención Global do Fondo Social Europeo e das Instrucións para a aplicación e desenvolvemento das bases reguladoras da convocatoria única para os anos 2005-2006 de Axudas de Subvención Global del FSE).

En base ao anterior o proxecto Actívate (expte. 3246/077) aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión do 11 de xullo de 2005, estableceu que a xeración do dereito ás becas-axudas das persoas beneficiarias do proxecto viría dado, ao marxe das posibles incompatibilidades, pola súa participación nos módulos de formación específica e práctica laboral exclusivamente, non sendo becada a asistencia ás actividades dos diferentes módulos de formación complementaria que completan cada un dos itinerarios de inserción laboral do proxecto. Así mesmo a contía establecida polo proxecto, para o pago da beca é de 359,20 euros como máximo ao mes por persoa, que foi o importe polo que o Ministerio de Administracións Públicas resolveu a concesión da subvención, que en ningún caso supera o 75% do IPREM para o ano 2006.

O número de posibles beneficiarios/as e duración das becas-axuda por itinerario é:

- *Itinerario de Conductor/a-monitor/a de transporte adaptado e escolar: Un total de 15 persoas cunha duración aproximada de 4 meses e medio.*
- *Itinerario de Axuda a domicilio: Un total de 15 persoas cunha duración aproximada de 6 meses e medio.*
- *Itinerario de Axudante de cociña en centros educativos e sociosanitarios: Un total de 15 persoas cunha duración aproximada de 5 meses.*
- *Itinerario de Experto/a en limpeza: Un total de 15 persoas cunha duración aproximada de 2 meses e medio.*
- *Itinerario de Experto/a en lencería, lavandería e pasado de ferro: Un total de 15 persoas cunha duración aproximada de 4 meses.*
- *Itinerario de Teleoperador/a: Un total de 15 persoas, cunha duración aproximada de 5 meses.*

En base ao anterior, establécese o seguinte procedemento para o cálculo mensual da contía da beca-axuda prevista para os/as beneficiarios/as do Proxecto Actívate:

1. *O importe máximo da beca ao mes será de 359,20 euros.*
2. *O pago da beca farase en función dos días de asistencia ás actividades de formación específica e prácticas laborais asociadas, establecéndose para tal fin un tope máximo de 20 días de actividade ao mes. Fíxase desta forma o pagamento da beca-axuda en 17,96 euros por día de actividade e asistencia á citada formación.*
3. *Entenderase como día de actividade entre 4 e 5 horas efectivas de formación específica ou práctica laboral realizadas nun período non superior a 24 horas.*
4. *Se o equipo técnico do proxecto programase menos de 4 horas de formación específica ou prácticas nalgún día, éstas poderían acumularse ata completar o número de horas necesarias para xerar o dereito a un día de beca-axuda.*
5. *Non se aboarán as faltas non xustificadas. As faltas xustificadas documentalmente aboaranse sempre e cando non superen o 50% da xornada.*
6. *Seguindo as Bases Reguladoras e as Instrucións para a aplicación e desenvolvemento das bases reguladoras da concesión das axudas da Subvención Global do FSE establécese que as becas-axudas dos/as beneficiarios/as do proxecto serán incompatibles coa percepción da prestación ou subsidio de desemprego, así como con outras axudas públicas para a mesma finalidade.*
7. *Se en calquera momento dun mes natural o/a beneficiario/a percibe algún tipo de prestación, subsidio ou renda de traballo, non terá dereito ao cobro da antedita beca-axuda por ningún dos días do mes considerado.*

En aplicación dos criterios anteriormente descritos (contía máxima, número de posibles beneficiarios/as, duración da beca-axuda e procedemento de cálculo), estímase que o custe total aproximado en concepto de becas-axuda para o proxecto ACTÍVATE é de 146.823,00 €, correspondendo aproximadamente 82.425,76 € para o ano 2006 e 64.397,24 € ao ano 2007.

O pagamento das becas-axuda do presente ano poderá facerse con cargo á partida 3220 481 00 00 “Becas do Proxecto Actívate”.

Para o cumprimento do citado pagamento, o Coordinador do proxecto Actívate remitirá mensualmente (antes do día 5 do mes seguinte) a Intervención Xeral Municipal:

1. Certificación de asistencia ás actividades de formación dos/as beneficiarios/as do programa, en base ao seguemento que se levará a cabo a través das correspondentes sinaturas.
2. Informe das contías que se lle deben pagar aos/ás beneficiarios/as do proxecto en función dos días de asistencia e segundo o procedemento de cálculo establecido.

Dado que estas persoas se atopan en situación de desemprego e que non cobran ningún tipo de prestación ou subsidio, sendo previsiblemente importante o cobro da beca para o seu sustento económico, faise necesario que o pagamento destas becas se faga a mes vencido dentro do listado de nóminas de persoal para evitar retrasos no seu cobro.

En consecuencia, polo que antecede, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO

Aprobar o procedemento de pago das becas-axuda para os/as participantes do Proxecto Actívate consistente en remitir mensualmente á Intervención Xeral Municipal:

- a) Certificación de asistencia ás actividades de formación dos/as beneficiarios do programa, en base ao seguemento que se levará a cabo a través das correspondentes sinaturas,
- b) Informe das contías que se lle deben pagar aos/ás beneficiarios/as do proxecto en función dos días de asistencia e segundo o procedemento de cálculo establecido, facendo así efectivo o pagamento destas becas-axudas a mes vencido, mentres dure a súa participación no proxecto.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **27(485).- PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DO PERSOAL DOCENTE-TITOR NECESARIO PARA AS ACCIÓNS FORMATIVAS DO PROXECTO ACTÍVATE. EXPTE. 3728/77.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do coordinador do Proxecto Actívate, do 3.05.06, conformado polo xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego e pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, que di o seguinte:

O Proxecto ACTÍVATE é unha iniciativa posta en marcha pola Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego que conta cunha axuda económica no marco da Subvención Global do Fondo Social Europeo e que pretende elaborar e implementar itinerarios de inserción laboral para a capacitación e especialización de persoas desempregadas no sector de atención a persoas e tamén de demandantes de emprego con especiais dificultades para

a súa inserción no mercado de traballo, pola súa pertenza a colectivos en situación ou en risco de exclusión social. Estes obxectivos materialízanse nos itinerarios de condutor/a-monitor/a de transporte adaptado e escolar, auxiliar de axuda a domicilio, axudante de cociña en centros escolares e sociosanitarios, experto/a en limpeza, experto/a en lencería, lavandería e pasado de ferro (“planchado”) e teleoperador/a, para un total de 90 persoas beneficiarias.

Para o desenvolvemento das accións formativas destes itinerarios, faise necesario a contratación de expertos/as docentes que realizarán, nalgúns casos, ademais, funcións de titorización de prácticas. Neste senso, na Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego existe unha base de expertos docentes para as accións de formación ocupacional que desenvolve o Concello de Vigo (acordo adoptado pola Comisión de Goberno municipal na súa sesión do 23 de maio de 1997, modificado polo acordo de Comisión de Goberno municipal de 13 de maio de 2002, que se achegan).

En concreto, para o desenvolvemento do proxecto ACTÍVATE necesitaríanse docentes para as seguintes accións formativas:

- Para o itinerario de inserción laboral de “AXUDANTE DE COCIÑA EN CENTROS ESCOLARES E SOCIOSANITARIOS”
  - Experto/a docente en cociña, diética e nutrición. (Docencia e titorización das prácticas).  
O/a docente-titor/a:
    - impartirá 80 horas de diética e nutrición nos maiores e cativos/as.
    - titorizará as prácticas dos/as participantes como axudantes de cociña en centros escolares e sociosanitarios.  
Número de edicións do curso: 1  
Tempo máximo de contrato: 4 meses
- Para o itinerario de inserción laboral de “AUXILIAR DE AXUDA A DOMICILIO”
  - Expertos/as docentes en atención no domicilio a persoas dependentes, (Docencia e titorización das prácticas).  
O/a docente-titor/a impartirá e titorizará a formación en atención a domicilio a persoas maiores, persoas discapacitadas e persoas convalecentes.  
Número de edicións do curso: 1  
Tempo máximo de contrato: 7,5 meses  
Neste caso caberá a posibilidade de contratar a un/a ou varios/as docentes-titores/as, a xornada completa ou parcial, atendendo ás candidaturas presentadas e aos diferentes colectivos de atención obxecto da formación a impartir.
- Para o itinerario de inserción laboral de “TELEOPERADOR/A”, e os demais itinerarios:
  - Experto/a docente en informática e mecanografía audiovisual.  
Este/a docente impartirá:
    - os módulos de iniciación á informática (30 horas de duración) dos itinerarios de condutor/a-monitor/a de transporte adaptado e escolar; axudante de cociña en centros escolares e sociosanitarios; auxiliar de axuda a domicilio; experto/a en limpeza; experto/a en lencería, lavandería e pasado de ferro;
    - os módulos de informática aplicada (90 horas) e mecanografía audiovisual básica (60 horas) da formación específica do itinerario de teleoperador/a.  
Número de edicións do módulo iniciación informática: 5  
Número de edicións de informática aplicada (90 horas) e mecanografía (60 horas): 1  
Tempo máximo de contrato: 4,5 meses

Para impartir estes cursos é necesario:

- Formación relacionada co contido do curso.
- Experiencia profesional e/ou docente relacionada co contido do curso.
- Valorarase experiencia en titorización de prácticas relacionadas co contido do curso, no caso dos itinerarios de axudante de cociña en centros escolares e sociosanitarios e en auxiliar de axuda a domicilio.

*Unha vez consultada a base de datos de expertos docentes observouse que non se conta con persoal suficiente e capacitado que permita un procedemento de selección con garantías. Polo que entendendo que a calidade do programa e os resultados das actividades de formación van estreitamente ligados á calidade e experiencia dos/as profesionais que impartan estas accións formativas e que titoricen a fase de prácticas, faise necesario elaborar un procedemento polo que os/as profesionais interesados/as poidan presentar o seu currículo para incluír na base de datos de expertos docentes da Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego.*

*En base ao anterior proponse o seguinte procedemento:*

*1.- Anuncio en prensa (Anexo 1):*

*Publicarase un anuncio nas páxinas de información municipal da prensa local solicitando que aquelas persoas interesadas na impartición dos programas formativos do proxecto Actívate presenten a súa solicitude para ser incluída posteriormente na Base de datos de expertos docentes en formación ocupacional da Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego.*

*2.- Presentación de solicitudes:*

*Os/as candidatos/as deberán presentar o seu currículo vitae con todos os méritos debidamente acreditados para a súa valoración nas instalacións do Proxecto Alicerce na rúa Martínez Garrido, 21 int. Baixo. Prazo: dez (10) días naturais dende o día seguinte ao da data de publicación do anuncio.*

*3.- Baremación de candidatos/as:*

*Unha vez presentados os currículos, a Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego realizará a valoración dos méritos que, debidamente acreditados, presenten os/as candidatos/as segundo o establecido no procedemento e uso da base de expertos docentes do Concello de Vigo.*

*4.- Selección:*

*Segundo co establecido no citado procedemento, unha vez puntuados os currículos, os/as aspirantes con maior puntuación pasarán por unha entrevista persoal ou proba específica.*

*Por todo o exposto, PROPÓNSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

- *Aprobar o procedemento de selección de expertos/as docentes necesarios para as accións formativas do proxecto ACTÍVATE.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba o procedemento de selección de expertos/as docentes necesarios para as accións formativas do proxecto ACTÍVATE que se contén no precedente informe.

### **28(486).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DA BATALLA DAS FLORES 2006. EXPTE. 1885/335.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 27.04.06, e de acordo co informe proposta da técnica de Festas e Animación Sociocultural do 27.04.06, conformado polo concelleiro da Área de Asuntos Sociais e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio, que se achega no expediente, entre o Concello de Vigo e a Agrupación de Centros Deportivos e Culturais e a Federación de Peñas Recreativas “El Olivo”, para a colaboración na organización da Batalla de Flores 2006.

2º.-Facultar ó concelleiro de Festas e Animación Sociocultural para asinar o citado convenio.

3º.-Autorizar un gasto por un importe total de 15.250 .-euros, en concepto do estipulado no referido convenio, que se financiará con cargo a partida 451.2.227.06.02 (actividades culturais diversas), do programa orzamentario da Concellería de Festas e Animación Sociocultural correspondente ó vixente exercicio económico. O pagamento se realizará a partes iguais entre a dous entidades colaboradoras.

4º.-Que o citado pagamento se realice a través da conta de habilitación FESTAS E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL 2080 0000 77 0040277241.

*PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DA BATALLA DE FLORES 2006*  
Vigo, o            maio de 2006,

*REUNIDOS*

*Dunha parte, D. IGNACIO LÓPEZ-CHAVES CASTRO, concelleiro da Área de Asuntos Sociais e en representación do Concello de Vigo, CIF P-3605700-H, con enderezo na cidade de Vigo, Praza do Rei, s/n; en adiante O CONCELLO.*

*Doutra parte, os representantes das seguintes entidades:*

*D. JOSÉ LOURIDO PENEDO, presidente da AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIS, CIF G-36.791.291, con enderezo na rúa Cabalaria, 47, 1º, 36215 VIGO, e número de inscrición 386/95 no rexistro municipal de asociacións.*

*D. BALBINO MOREIRA VÁLLEZ, presidente da FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS "EL OLIVO", CIF G-36.704.666, enderezo na praza Gallegos Ilustres, 36203 VIGO, e número de inscrición 143/90 no rexistro municipal de asociacións.*

*En adiante, "Comisión organizadora".*

*MANIFESTAN*

- 1. Que a Batalla de Flores foi unha festa popular moi arraigada na sociedade viguesa durante boa parte do século XX, sendo o evento máis multitudinario despois do Cristo da Victoria.*
- 2. Que a Concellería de Festas e Animación Sociocultural, a petición da Alcaldía, recuperó no ano 2005 este evento, con gran éxito de público e unha gran implicación por parte das principais empresas e entidades da cidade.*
- 3. A recuperación deste evento festivo ten como obxectivos: fomentar a identidade viguesa, recuperar a memoria histórica da cidade e promover a participación da cidadanía. Todo isto nun escenario que permita combinar a tradición coa modernidade.*
- 3. Que na lexislación vixente, concretamente no artigo 72 da Lei Reguladora de Bases de Réximen Local, faise referencia á conveniencia da participación de entidades de carácter cultural, social e veciñal como*

colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais, ofertados polas entidades locais (cabalgata, entroido, etc)

Polo que, en consideración ó antes exposto, o Concello de Vigo e as entidades referidas establecen a súa relación mediante o presente convenio, que será rexido polas seguintes

#### CLÁUSULAS

*PRIMEIRA.- O presente convenio ten por obxecto a colaboración das entidades asinantes na organización da Batalla de Flores 2005, mediante a aportación do persoal auxiliar necesario para o acompañamento e control dos elementos que compoñen a comitiva e máis do público asistente, así como da megafonía e o valado de seguridade do percorrido.*

*SEGUNDA.- A Batalla de Flores 2006 é un evento organizado e coordinado pola Concellería de Festas e Animación Sociocultural do Concello de Vigo e que se celebrará nesta cidade o día 10 de xuño as 19,00 horas polas rúas García Barbón, Policarpo Sanz e Porta do Sol.*

*TERCEIRA.- O orzamento xeral do convenio para a organización da BATALLA DE FLORES 2006, con tódolos conceptos e impostos incluídos, ascende a un total de 15.250 euros (dezaseis mil cincoenta euros) que se financiará con cargo a partida 451.2.227.06.02 (actividades culturais diversas), do programa orzamentario da Concellería de Festas e Animación Sociocultural correspondente ó vixente exercicio económico. A desagregación deste orzamento figura no anexo I deste convenio, según o presentado pola COMISIÓN ORGANIZADORA.*

*CUARTA.- A comisión colaboradora da Batalla de Flores 2006 esta formada polos seguintes membros:*

- \* Pola Agrupación de Centros Deportivos e Culturais:
  - JOSE LOURIDO PENEDO.
  - JUAN JOSÉ NOGUEIRA SÁNCHEZ.*
- \* Pola Federación de Peñas Recreativas “El Olivo”:
  - JUAN CARLOS PADÍN NIETO.
  - RAÚL VILA CARIDE.*

*Así mesmo, forma parte desta comisión en representación do Concello de Vigo, con funcións de supervisión, seguimento e control de todo o referente á organización, desenvolvemento e contratacións, a técnica responsable do servizo de Festas e Animación Sociocultural.*

*A función básica da comisión colaboradora da Batalla de Flores 2006 será a de dotar este evento do persoal auxiliar necesario para acompañamento da comitiva, ademais do seguinte:*

- a) Encargarase de recoller no Concello de Vigo coa suficiente antelación o confeti, serpentina e outros elementos, e trasladarlos ó lugar de concentración da comitiva e ós distintos puntos de avituallamento e distribución do material, que se colocarán o longo do percorrido. Para este cometido, a organización deberá dispor ó seu cargo dos seus propios medios para o transporte do citado material.*
- b) Nos días previos ó evento, encargaranse de recoller as prendas de organización e de distribuilas posteriormente entre todo o persoal. Toda persoa pertencente á organización deste evento terán que levar de xeito obrigatorio e en todo momento a antedita prenda.*
- c) Ó longo do percorrido, haberá cinco puntos de distribución de das 40.000 bolsas de serpentina que serán xestionados por un mínimo de dúas persoas cada un. As serpentinas repartiránse 30 minutos antes do comenzo do desfile.*
- d) Encargaranse de realizar calquera movemento no valado de seguridade que sexa preciso ou lle sexa indicado pola Policía Local ou persoal técnico da Concellería de Festas e Animación Sociocultural durante o desenvolvemento do desfile da Batalla de Flores.*



- e) Encargaranse da seguridade ó longo de todo o percorrido, impedindo que o público se achegue ós elementos que compoñen a comitiva.
- f) Acompañarán seis persoas a cada unha das carrozas integrantes da comitiva, dende a súa saída ata a finalización do evento, para garantir a súa seguridade e maila do público.
- g) Buscar a correcta colocación e distribución dos elementos que forman a comitiva no lugar de concentración, seguindo as instrucións dadas nas reunións mantidas co persoal técnico da Concellería de Festas e Animación Sociocultural. A disposición dos elementos do desfile manterase inalterable dende o seu inicio ata o seu remate.
- h) Encargarase da seguridade no entorno dos puntos de disparo das baterías de confeti sinalados no percorrido que e que se achega adxunto a este convenio.
- i) Durante o desenvolvemento do acto terá que haber permanentemente dúas persoas na “zona de encontro de nenos”, delimitada co obxecto de levar alí ós nenos e nenas que se perdan. Estas persoas deberán custodiar os nenos ata que sexan recollidos polos seus pais ou titores; de non aparecer, faranlle entrega dos mesmo a Policía Local a partir das 22,00 horas.
- j) O responsable da comisión colaboradora estará en permanente contacto co todo o persoal despregado o longo do percorrido, así como cos membros da Policía Local, Protección Civil e Cruz Vermella; así como, coa técnica responsable da Concellería de Festas e Animación Sociocultural.
- k) Para facer posible este cometido, o Concello facilitaralle á comisión colaboradora un mínimo de oito portátiles que deberán devolver en perfecta condición unha vez rematado o desfile; ademais deberán dispor de teléfonos móbiles ou outro sistema de comunicación similar, en perfecto estado de uso e coa suficiente batería para garantir esta función, durante todo o período de desenvolvemento do desfile.
- l) Encargarase da megafonía o longo do percorrido e máis do valado de seguridade.
- m) Xestionar a presenza da Cruz Vermella.

*Outras funcións:*

- ✓ Calquera outra función imprevista que poida xurdir durante o desenvolvemento da Batalla de Flores e que lle sexa encomendada pola organización deste evento.
- ✓ A comisión colaboradora presentará na Concellería de Festas nos tres días hábiles seguintes á finalización da Batalla de Flores, un informe completo de posibles incidencias acontecidas antes, durante e despois do seu desenvolvemento.

*QUINTA.- As obrigas que asume o Concello de Vigo son as seguintes:*

O Concello de Vigo comprométese a achegar a cantidade de 15.250 euros (cinco mil douscentos cincuenta euros) previa presentación da correspondente solicitude de pagamento de ámbalas dous entidades, e da conformidade do persoal técnico da concellería de Festas e animación Sociocultural ós traballos realizados.

O pagamento se realizará do seguinte xeito: 7.625 E (sete mil seiscientos vintecinco euros) mediante transferencia bancaria á conta corrente nº 2080.0020.0040023628, da que é titular a Federación de Peñas Recreativas El Olivo CIF:: G 36.704.666 e número de inscrición no Rexistro Municipal 143/90; e outros 7.625 E (sete mil seiscientos vintecinco euros) mediante transferencia bancaria á conta corrente nº 2091 0540 04 3040003578 da que é titular a AGRUPACION DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIS CIF: G-36.791.291 número de inscrición 386/94 no rexistro municipal de asociacións.

SÉTIMA.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese con base nas memorias e informes que presente a comisión organizadora e da presenza do persoal técnico da Concellería de Festas e Animación Sociocultural na propia actividade.

OITAVA.- En caso dalgún incumprimento do clausulado do presente convenio, realizaranse os descontos e, no seu caso, devolucións correspondentes, de conformidade ó orzamento que figura no anexo I e cos prorrateos ós que houbese lugar.

DÉCIMO PRIMEIRA.- O presente convenio terá vixencia ata o 31 de decembro de 2006, e non será prorrogable.

DÉCIMO SEGUNDA.- O concelleiro da Área de Asuntos Sociais queda facultado para solucionar as posibles controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan o seu cumprimento e desenvolvemento.

E en proba de conformidade asinan por cuadruplicado o presente convenio no lugar e data que se indican,

**29(487).- ACUMULACIÓN AO FUNCIONARIO DO GRUPO B, JAVIER MURADAS BLANCO, CON DESTINO EN INTERVENCIÓN XERAL DAS TAREFAS DE VERIFICACIÓN DO GASTO ELIXIBLE DOS PROXECTOS COFINANCIADOS POLO FONDO DE COHESIÓN. EXPTE. 100814/140.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Investimentos, do 8.05.06, conformado polo concelleiro delegado da Área de Xestión municipal e polo interventor xeral, que di como se transcribe:

O Regulamento (CE)1386/2002 da Comisión das Comunidades Eurpeas, publicado no diario oficial L201 de data 31/7/2002, no seu artigo 2.1 establece "Los estados miembros velarán por que se impartan orientaciónes adecuadas sobre la organización de los sistemas de gestión y control necesarios para garantizar la correcta gestión del Fondo de Cohesión, en conformidad con las normas y principios generalmente aceptados a los organismos y autoridades siguientes:

- a) Los organismos responsables de la ejecución de los proyectos con arreglo a lo dispuesto en el apartada 4 del artículo 10 del Reglamento (CE) nº1164/94 (en los sucesivo organismos de ejecución)."

Pola súa parte o artigo 3 do mencionada Regulamento prescribe que os sistemas de xestión e control das autoridades de xestión, das autoridades pagadoras, dos organismos intermedios e dos organismos de execución (no noso suposto esta administración municipal), tendo en conta a proporcionalidade en relación co volume da axuda xestionada deberán asegurar unha definición e asignación clara e, na medida que sexa necesario para garantir unha boa xestión unha separación adecuada das funcións dentro da organización de que se trate.

Os referidos sistemas de xestión e control deberán incluír procedementos para verificar a realidade dos gastos declarados e a realización do proxecto, despois da fase de instrucción do mesmo ata a posta en funcionamento do investimento financiado, de conformidade coas condicións establecidas na correspondente Decisión e en particular

sobre a subvencionabilidade dos gastos, a protección do medio ambiente, os transportes, a competencia e a contratación pública.

En definitiva as verificacións cubrirán todos os ámbitos dos cales dependen a utilización eficaz dos fondos comprometidos, e que sexan de natureza técnica, financeira ou administrativa.

O incumprimento sistemático, por parte dos organismos executores, das disposicións de obrigado cumprimento, as que moi brevemente se fixo referencia con anterioridade, provocou un recordatorio da observancia dos ditos preceptos a todas as administracións locais beneficiarias do Fondo de Cohesión, segundo consta no escrito dirixido á Alcaldía Presidencia, en data 17 de marzo de 2003 subscrito polo Director Xeral de Fondos Comunitarios.

Por último é de significar que a Comisión Europea, a través da Dirección Xeral de Política Rexional, recomenda que "Las autoridades españolas deben aportar a los auditores de la Comisión una lista de comprobación revisada que incluya la verificación del gasto acorde con el Reglamento 16/2003". A verificación do gasto, acorde coa normativa recollida no Regulamento 16/2003 deberá ser subscrita por funcionario do organismo executor, que mantendrá a súa independente funcional con respecto daqueles outros traballadores que exerzan as funcións de control (fiscalización) e xestión do proxecto ou programa subvencionado polo Fondo de Cohesión.

Mediante Decisión da Comisión das Comunidades Europeas C(2005)2815 de 15 de xullo de 2005, que modifica a Decisión C(2001)2057 esta administración municipal resultou beneficiada da cofinanciación da Unión Europea (80% do custo elixible) na execución dos proxectos que a marxe se reseñan:

- Ampliación do saneamento da parroquia de Zamáns (custo elixible: 2.742.085€)
- Automatización das instalacións de saneamento de Vigo (custo elixible: 1.257.093€)

Os citados proxectos foron debidamente adxudicados, iniciadas as obras, e expedida tres certificacións de obra no proxecto de Zamáns e unha no de automatización de instalacións.

En evitación de que se produzan tensións de Tesourería innecesarias para esta facenda local, na medida que a cofinanciación comprometida pola Unión Europea unicamente e transferida ó beneficiario cando este certifique que se fixo efectivo o pagamento do gasto elixible, esta xefatura de investimentos tanto no Fondo de Cohesión como naqueles proxectos financiados a través de fondos estruturais, optou por remitir a Dirección Xeral de Fondos Comunitarios solicitudes de pagamentos intermedios (ingresos a favor do concello) coa acreditación do pagamento de cada certificación de obra (salvo supostos excepcionais nos que se acumulan pagamentos de varias certificacións de obra nun período moi corto de tempo).

As certificacións de obra dos proxectos acollidos a Decisión da Comisión das Comunidades Europeas C(2005)2815 de 15 de xullo de 2005 na medida que tiveron entrada neste servizo con posterioridade á data en que foron recibidas as recomendacións da Comisión Europea (10/02/06), anteriormente citadas, non puideron ser tramitadas ante a Unidade de Pagamento do Ministerio de Economía e Facenda por carecer de funcionario que teña garantida a súa independencia con respecto a aqueles que exercen as labores de fiscalización e control (Intervención Xeral) e xestión (Servicio de Investimentos).

*E o certo que a carencia de persoal funcionario, independente e debidamente capacitado para exercer as tarefas de verificación, pode ser substituído mediante a contratación de consultoría externa.*

*Malia o anterior e tendo en conta que se trata unicamente de dous proxectos, cuxa conclusión esta prevista teña lugar no transcurso do presente exercicio económico e que a súa contratación externa demoraría a tramitación de solicitudes de pagamentos intermedios, a Intervención Xeral, a proposta de esta xefatura, considera oportuno acumular as ditas tarefas o funcionario do grupo "B" D. Javier Muradas Blanco, adscrito o posto de traballo (Código 140.06) e con destino na Intervención Xeral.*

*En concordancia co anteriormente exposto esta xefatura propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*"Acumular ao funcionario do grupo "B" Don Javier Muradas Blanco, adscrito o posto de traballo (Código 140.06) e con destino na Intervención Xeral, as tarefas de verificación do gasto elixible dos proxectos ("Ampliación de Saneamento na Parroquia de Zamáns" e "Automatización das instalacións do saneamento de Vigo"), cofinanciados polo Fondo de Cohesión, en cumprimento do previsto no Regulamento (CE) 1386/2002 da Comisión das Comunidades Europeas e Regulamento (CE) nº 16/2003 de 6/1/2003, todo isto ó amparo do disposto no último inciso do primeiro parágrafo do apartado letra h) do número 1 do artigo 127 da Lei 7/1985, reguladora das bases de Réxime Local, segundo modificación introducida a través de Lei 57/2003"*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **30(488).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE XESTIÓN DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL "SANTA MARTA" DO CASCO VELLO. EXPTE. 7446/332.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Negociado, do 7.04.06, conformado polo xefe da Área de Contratación e Novos Proxectos, o concelleiro da Área de Educación e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autoriza-lo gasto 172.000. euros/ano, para a prestación do servizo e 12.000.euros para adquisición de material euros para a prestación dos servizos de xestión escola infantil municipal "Santa Marta" do Casco Vello que se imputarán á partida presupuestaria 422.0.227.06.06 do vixente presuposto.

2º.- Aprobar o prego tipo de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos polo excmo. Concello de Vigo xunto coa Folla de Especificacións do Contrato (FEC), de data 7.04.06, e o prego de prescrición técnicas para a prestación dos servizos de xestión escola infantil municipal "Santa Marta" do Casco Vello.

3º.- Convocar a licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente mediante tramitación ordinaria.

**31(489).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE SERVICIOS DE CONSERVACIÓN E REPOSICIÓN DE DIVERSAS ÁREAS DE INTERESE PATRIMONIAL DENTRO DO TERMO MUNICIPAL DE VIGO. EXPTE. 3254/307.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Negociado, do 19.04.06, conformado polo xefe da Área de Contratación e Novos Proxectos, o concelleiro da Área Patrimonio Histórico e vista a fiscalización realizada por Intervención Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar o gasto 57.117,37 euros/ano para a prestación dos servizos de conservación e reposición de diversas áreas de interese patrimonial dentro do termo municipal de Vigo que se imputarán ás partidas presupuestarias 4531.210.00.00. e 4531.210.00.01 do vixente presuposto e os dos anos 2007 e 2008.

2º.- Aprobar o prego tipo de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos polo excmo. Concello de Vigo, de 19.04.06, xunto coa Folla de Especificacións do Contrato (FEC), do 27.04.06, e o prego de prescripción técnicas para a prestación dos servizos de conservación e reposición de diversas áreas de interese patrimonial dentro do termo municipal de Vigo, do 8.02.06.

3º.- Convocar a licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente mediante tramitación ordinaria.

**32(490).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE APOIO ÁS INICIATIVAS MUSICAIS DA CONCELLERÍA DE XUVENTUDE. EXPTE. 1576/336.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Negociado do 4.04.06, conformado polo xefe da Área de Contratación e Novos Proxectos, o concelleiro da Área de Xuventude e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar o gasto 14.995 euros/ano euros para a prestación dos servizos de Apoio as iniciativas musicais da Concellería de Xuventude que se imputarán á partida 5520 227 06 10 do vixente presuposto e dos anos 2007 e 2008.

2º.- Aprobar o prego tipo de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos polo excmo. Concello de Vigo xunto coa Folla de Especificacións do Contrato (FEC), do 4.04.06, e o prego de prescripción técnicas para a prestación dos servizos de Apoio as iniciativas musicais da concellaría de Xuventude.

3º.- Solicitar ofertas a tres empresarios capacitados para a execución do contrato.

**33(491).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE VIXIANCIA DA SAÚDE DO PERSOAL AO SERVIZO DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 16331/220.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 2.05.06, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar a FREMAP, Mutua de Accidentes de Trabajo y Enfermedades profesionales nº 61, a prestación do servizo de prevención alleo, vixiancia da saúde para o persoal do Conello de Vigo durante o ano 2006, por un importe de 29.100 €. Todo iso de acordo cos pregos de condicións aprobados pola Xunta de Goberno e a oferta presentada.

**34(492).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A SUBMINISTRACIÓN DE MEZCLAS BITUMINOSAS E EMULSIÓNS ASFÁLTICAS. EXPTE. 47219/250.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 25.04.06, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar a Sercocsa Proyectos y Obras, S.A.o concurso para a subministración de mezclas bituminosas e emulsións para o concello de Vigo, todo iso de acordo co prego de condicións técnicas e administrativas que foron aprobadas pola xunta de Goberno Local do 30 de decembro de 2005 e a oferta presentada.

O gasto máximo do contrato fíxase en 400.000 eurose os prezos unitarios son os seguintes:

<u>Ud.</u>	<u>Denominación</u>	<u>Prezo en €/Tm.*</u>
Tm.	EMULSIÓN ECRI	151,32 €
Tm.	EMULSIÓN ECR1	144,51 €
Tm	EMULSIÓN ASFÁLTICA ECR2	142,41 €
Tm	MEZCLA BITUMINOSA EN FRIO AF12	19,37 €

Tm	MEZCLA BITUMINOSA EN CALIENTE D12	28,37 €
Tm	MEZCLA BITUMINOSA EN FRIO DE DOBLE ENVOLTA	28,45 €

Oferta unha baixa do 27,25% sobre os prezos de licitación.

O prazo de subministración por procedemento de urxencia será o de 2 horas dende a solicitude da subministración.

Como melloras adicionais ó contratista terá que executar as seguintes:

- A subministración dos materiais se fara en camións tipo “bañera”. Non obstante e dependendo dos accesos existentes en cada momento se utilizarán camións de menor tonelaxe e incluso carrocetas.
- Subministro sin coste de mil toneladas (1000 tm) de mezcla bituminosa en quente tipo D-12.

**35(493).- RECUPERACIÓN DA PARCELA Nº 93 DA AVDA. RAMÓN NIETO DO TERMO MUNICIPAL DE VIGO. EXPTE. 16915/240.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 27.04.06, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

*Resultando que en data 7 de novembro de 1952 o Excmo. Concello de Vigo procedeu a cesión gratuita dun terreo da súa propiedade de 1.172, 83 m2 sito na Avenida de Ramón Nieto (na actualidade nº 93) do termo municipal de Vigo, a favor da Delegación Nacional de Sindicatos, cesión condicionada a que o terreo se adicase exclusivamente a Centro de Experimentación para o recoñecemento, tratamento, cubrición e diagnóstico de gando, estabalecéndose expresamente na escritura pública de cesión que de non cumprirse o indicado fin o inmovible revertiría ó patrimonio do Concello.*

*Resultando que en data 23 de febreiro de 1989 o Ministerio de Traballo e Seguridade Social solicitou a inscrición desta finca como ben patrimonial do Estado.*

*Resultando que en data 6 de xuño de 1991 foi adquirida polo Fondo de Garantía Salarial en virtude do título de permuta.*

*Resultando que tras constatarse o incumplimento do fin ó que estaba condicionada a cesión, esta Administración realizou requerimentos formais de reversión da parcela ó Ministerio de Traballo primeiro (en datas 31 de decembro de 1980 e 4 de novembro de 1982), e posteriormente ó Fondo de Garantía Salarial, o derradeiro en data 17 de febreiro de 2006, con apercibimento expreso do exercicio das accións xudiciais procedentes para a recuperación do devandito inmovible en caso de non ser atendido.*

Resultando que en escrito de data 20 de marzo de 2006 o FOGASA comunicou a esta Administración a desestimación do requerimento.

Considerando que o artigo 111 do RD 1372/1986, de 13 de xuño, Regulamento de Bens das Entidades Locais, dispón que se os bens cedidos non fosen destiñados ó uso que motivou a cesión ou deixasen de selo posteriormente, como acontece no presente suposto, considerarásese resolta a cesión e revertirán aqueles á Corporación Local, e a falta de previsión expresa no acordo de cesión se entenderá que deberá manterse o seu destiño perante os trinta anos seguintes.

Considerando que é obriga das Administracións públicas protexer e defender o seu patrimonio, e que a tal fin exercerán as potestades administrativas e accións xudiciais que sexan procedentes (artigo 28 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas) e que o artigo 6 da mesma lei impón que a xestión e administración dos bens e dereitos demaniais polas Administracións públicas se axustará, entoutros, ó principio de exercicio diligente das prerrogativas que a presente ley u outras especiais otorguen ás Administracións públicas, garantizando a súa conservación e integridade, preceptos ambos que teñen o carácter de lexislación básica consonte a disposición final 2ª da citada lei.

Considerando que a competencia correspóndelle á Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no artigo 127.1 f da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local.

Polo exposto, en exercicio das atribucións que lle confire a lexislación vixente, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

“Dar traslado do presente expediente ó Departamento de Asesoría Xurídica ó efecto de exercer as accións xudiciais que resulten oportunas para recuperar a parcela de 1.172, 83 m2 sito nº 93 da Avenida de Ramón Nieto do termo municipal de Vigo”.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **36(494).- PRÓRROGA, POR UN ANO, DO CONTRATO DO SERVIZO DE LIMPEZA DO VERBUM-CASA DAS PALABRAS. EXPTE. 15801/240.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do director do Museo Verbum, do 20.04.06, conformado polo xefe do Departamento de Cultura, o concelleiro-delegado da Área de Asuntos Sociais, e o interventor xeral, que di o seguinte:

Con data 24 de abril de 2003 o Alcalde resolveu adjudicar a empresa Servicios Auxiliares de Mantenimiento y Limpieza, S.L., a prestación do servizo de limpeza no Verbum-Casa das Palabras. O procedemento foi de concurso aberto, de acordo cos pregos de condicións técnicas e administrativas aprobadas pola Comisión de Goberno do 3 de marzo de 2003.

O prazo do contrato comezou o día 24 de abril de 2003 e rematou o 23 de abril de 2005, podendo prorrogarse por períodos anuais ata un máximo de dous, a contar dende o 24 de abril de 2003 (claúsula cuarta do contrato). Así, en data 11 de abril de 2005 a Xunta de Goberno Local adoptou o acordo de prorroga-lo contrato de



*prestación de servicio por unha anualidade, ata o 23 de abril de 2006, de acordo co previsto no contrato e bases técnicas e administrativas.*

*A primeira revisión de prezos do contrato produciuse transcurrido un ano dende a data do inicio do contrato (24 de abril de 2003) e recolle a variación experimentada polo IPC nacional no período que mediou entre a data de revisión (24 de abril de 2004) e a de apertura de proposicións económicas (8 de abril de 2003).*

*Posteriormente procedeuse a segunda revisión de prezos do contrato vixente, transcurrido un ano dende a data da primeira revisión (24 de abril de 2005) e recolle a variación experimentada polo IPC nacional no período mediado entre abril 2004/abril 2005.*

*A través dun escrito, presentado no Rexistro Xeral con data 20 de abril de 2006, a empresa adxudicataria do servicio, Servicios Auxiliares de Mantenimiento y Limpieza, S.L., manifesta a súa disponibilidad para asumilo compromiso de prórroga do servicio.*

*Ata a data de hoxe o servicio ven prestándose con total corrección por parte da empresa adxudicataria, de acordo co establecido nas bases técnicas e administrativas.*

*Dende a Dirección do Verbum e a xefatura de Cultura considerase que debe prorrogarse novamente o contrato de prestación do servicio de limpeza do Verbum-Casa das Palabras por unha anualidade (24 de abril de 2006-23 de abril de 2007) de acordo co previsto no contrato e bases técnicas e administrativas (o contrato e as bases contemplan un máximo de dúas prórrogas).*

*Para o cálculo do custo total do contrato para este período (24 de abril de 2006-23 de abril de 2007), tomamos como referencia o prezo de facturación ao día de hoxe, que xa recolle o incremento de IPC (segunda revisión de prezos de data 24 de abril de 2005- 3,5%). O custo medio mensual ascende a 6.980,01 €, IVE incluído; considerando 12 meses completos. O importe da prórroga da segunda anualidade sería de 83.760,06 € (oitenta e tres mil setecentos sesenta euros con seis céntimos de euro), IVE incluído, dos que 57.468,71 € corresponden ao exercicio presupuestario de 2006 (8 meses e 7 días), e 26.291,35 € corresponden ao exercicio presupuestario de 2007 (3 meses e 23 días).*

*O gasto podería aplicarse á partida 4510.227.00.00 “Casa das Palabras: servicios limpeza”.*

*Sínálase que o prezo proposto para o servicio de limpeza realizado pola empresa coa que se propón a renovación do contrato por unha anualidade, é un prezo que se axusta ao mercado no momento de producirse a prórroga e que soamente repercute no IPC. Na adxudicación, a empresa Servicios Auxiliares de Mantenimiento y Limpieza, S.L., foi a que obtivo a máxima cualificación, segundo informe de data 11 de abril de 2003, no que se procedeu a valorar o sistema de calidade proposto polos ofertantes atendendo aos programas de inspección, información, sistema organizativo e ao programa de prevención de riscos laborais, acadando unha puntuación de 66,56 puntos.*

**PROPOSTA.-**

*Polo exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

1."Aprobar a prórroga do contrato de limpeza do Verbum-Casa das Palabras, adxudicado á empresa Servicios Auxiliares de Mantenimiento y Limpieza, S.L., por resolución do Ilmo. Sr. Alcalde de data 24 abril de 2003, por unha anualidade (24 de abril de 2006-23 de abril de 2007), segundo o disposto no contrato e no prego de cláusulas administrativas.

O importe da prórroga por unha anualidade sería de 83.760,06 € (oitenta e tres mil setecentos sesenta euros con seis céntimos de euro), IVE incluído, dos que 57.468,71 € corresponden ao exercicio presupuestario de 2006 (8 meses e 7 días), e 26.291,35 € para o exercicio presupuestario 2007 (3 meses e 23 días).

O gasto podería aplicarse á partida 4510.227.00.00 "Casa das Palabras: servicios limpeza".

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **37(495).- DEVOLUCIÓN DE FIANZAS:**

Examinadas as actuacións dos expedientes, vistos os informes das oficinas técnicas, os informes de Intervención Xeral e de acordo cos informes-proposta do xefe de negociado do Servizo de Contratación, a Xunta de Goberno local acorda:

a) Devolver a IMES S.A. a fianza por importe de 26.444,53 € constituída para responder do mantemento do alumeado do Concello de Vigo, xa que o servizo foi prestado conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.Expte. 1244/241.

b) Devolver a DIELECTRO GALICIA S.A. as fianzas por importe de 1.143,70 € , 804,25 € e 960,71 €, constituída para responder de subministracións de material eléctrico xa que foron recibidas conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Exptes. 1247, 1248 e 1249 de 241.

c) Devolver a G.O.C. S.A. a fianza por importe de 3.066 € constituída para responder da auditoría técnica sobre o estado estrutural de Balaídos, xa que foi executada conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 1233/241.

d) Devolver a XAIME QUESADA PORTO a fianza por importe de 4.800 €, constituída para responder da subministraición e instalaición dunha escultura, xa que foi recibida conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.Expte. 9564/331.

**38(496).- RECLAMACIÓN DE D. ABEL MONTENEGRO PRADO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 119/243. RESPONSABLE MOVEX VIAL S.L.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 2.05.06, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

*Antecedentes:*

*D. Elías Barros Estévez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial en nome e representación de D. Abel Montenegro Prado, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 26 de marzo de 2004, no que expón que o día 31 de marzo de 2003, o Sr. Montenegro circulaba co vehículo de súa propiedade, matrícula PO-6569-AX, pola rúa do Cacheno (en Bembrive) e provocou danos materiais no mesmo ó introducilo nunha focha de grandes dimensións existente na calzada, unido ó irregular e deficiente estado da vía.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- Dilixencias a prevención por accidente de circulación do servizo da Policía Local, de data 31/10/2003, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, o Sr. Montenegro relátalles o accidente que tivera; igualmente, comprobán o mal estado da vía facendo referencia a unha gabia mal reparada e a existencia dalgúns danos no vehículo sinistrado.*
- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 29/06/2004, sobre o estado da vía onde ocorreu o accidente.*
- Informe do Parque Móbil, de 27/07/2004, comunicando que os prezos contidos no presuposto de Hermanos Gregorio Gil, S.L., por un importe de 2.872,57 euros IVE incluído, e na factura nº 929 de Mercurio, por un importe de 71,11 euros, son correctos en relación coas tarifas oficiais. No entanto, manifestan ignorar se foi preciso substituír todos os repostos que se inclúen.*
- Informes da U.T.E. Aqualia-FCC, concesionaria do servizo de saneamento e abastecemento de augas, con datas de 16 e 25/02/2005.*
- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 09/09/2005, manifestando que a empresa MovexVial realizara obras para a rede de sumidoiros na rúa onde ocorreu o accidente.*
- Informe da empresa MovexVial, de data 11/10/2005*
- Informe do Parque Móbil, de data 02/03/2006.*
- Evacuase trámite de audiencia á empresa MovexVial, que formula alegacións con data 21/03/2006.*
- Evacuase trámite de audiencia ó reclamante, que formula alegacións con data 24/03/2006.*
- Informe do Parque Móbil, de data 17/04/2006, manifestando que os prezos contidos nas facturas de Neumáticos Gil (413,50 euros), Hermanos Gregorio Gil, S.L. (de 140,58 e 498,17 euros) e Mercurio (71,11 euros), que totalizan 1.123,36 euros son correctas respecto ás tarifas oficiais.*

*Fundamentos de dereito:*

*Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

*Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración, tendo en conta a presenza interposta dun contratista da mesma.*

*O dano prodúcese no marco dunha actividade da Administración, aínda que tal actividade é asumida por un contratista, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano e polo tanto está obrigado a indemnizar o prexudicado.*

*Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.*

*A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos automobilistas nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos mesmos, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo automobilista e o deficiente funcionamento do servizo público.*

*No presente suposto, constátase no expediente, nas Dilixencias a prevención por accidente de circulación instruídas pola Policía Local, o deficiente estado da calzada por mor da existencia de fochas de considerables dimensións e con parches de cemento tamén en moi mal estado. Segundo os informes do servizo de Vías e Obras, de datas 29/06/04 e 09/09/2005, as fochas teñen a súa orixe nunha gabia das obras de instalación de rede de sumidoiros que se estaban realizando na zona nas datas do accidente pola empresa Movex Vial para esta Administración. Consonte o artigo 97.1 Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado polo Real Decreto*

*Legislativo 2/2000, de 16 de xuño “será obriga do contratista indemnizar todos os danos e perdas que se causen a terceiros, coma consecuencia das operacións que requira a execución do contrato”.*

*Con respecto ós danos reclamados, o reclamante, para xustificar os mesmos, supostamente sufridos polo seu vehículo por mor do accidente, presenta un presuposto do taller Hermanos Gregorio Gil S.L., de data 12/03/04, por un importe de 2.872,57 euros, así como diversas facturas: de Neumáticos Gil Vigo, de data 25/06/03, por importe de 413,50 euros; de Hermanos Gregorio Gil S.L, de data 10/10/03, por importe de 140,58 euros; de Hermanos Gregorio Gil S.L, de data 7/11/03, por importe de 498,17 euros e de Mercurio, de data 06/10/03, por un importe de 71,11 euros. No seu escrito inicial, o Sr. Montenegro manifesta que “debido al importe de la reparación, D. Abel Montenegro ha procedido a reparar lo imprescindible para poder circular, como se acredita en las facturas que se acompañan. Asimismo y para poder repararlo se vio obligado a abonar la prueba de diagnosis de su vehículo, que ascendió a la cantidad de 71,11 euros cuyo importe también se reclama”. No entanto, o accidente ocorreu en data 31 de marzo de 2003 e o presuposto de reparación solicítase en data 12 de marzo de 2004, case un ano despois do accidente. Por outra banda, se tal e como manifesta o reclamante, dado o elevado do importe da reparación procedeu a reparar o imprescindible para circular, non se entende como as tales facturas son de datas anteriores ó presuposto, o cal inclúe tamén os mesmos conceptos que os incluídos nas facturas previas que se citan a continuación: de Neumáticos Gil Vigo, de data 25 /06/03, por importe de 413,50 euros; de Hermanos Gregorio Gil S.L, de data 10/10/03, por importe de 140,58 euros; de Hermanos Gregorio Gil S.L, de data 07/11/03, por importe de 498,17 euros. Ademais, se o vehículo non podía circular, debería constar no expediente a factura do guindastre que o trasladou dende o lugar do accidente ata un taller mecánico, ou alomenos, ata o domicilio do Sr. Montenegro; no entanto, no parte da Policía Local os axentes actuantes manifestan que “aparentemente se le observa la rueda delantera derecha abollada, desconociendo otros daños eléctricos o mecánicos que pueda presentar” e non fan constar que o vehículo non puidese circular. Dado que as facturas de reparación son de datas posteriores en varios meses ó accidente, os danos que reflicten puideron ser causados polo accidente obxecto do presente expediente ou por calquera outra causa. Como o vehículo non se presentou nas instalacións do Parque Móbil para que este servizo realizase unha peritaxe dos danos en datas coetáneas ó accidente, nin tampouco solicitouse a peritaxe de perito colexiado nese período, a informante conclúe que só podemos dar por probados os danos que constan no parte da Policía Local, dado que aínda que non dubida de que o vehículo puidese ter sufrido outros danos por mor do accidente de referencia, estes non se acreditan convenientemente no expediente. Polo tanto, procede o aboamento dos seguintes conceptos, comprendidos na factura de Hermanos Gregorio Gil, S.L de data 10/10/03: roda vulcanizadas turismo (cantidade 2, prezo 60,00 euros, importe 12, 00 euros) e equilibrado turismo (cantidade 2, precio 4,20 euros, importe 8,40 euros), o que representa un importe total de 128,40 euros.*

*Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:*

*1º. Estimar a reclamación formulada por D. Elías Barros Estévez en nome e representación de D. Abel Montenegro Prado.*

*2º. Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde a Movex Vial, S.L., empresa contratista do Excmo. Concello de Vigo para a realización das obras de “Ampliación e Saneamento no rural de Vigo. Lote 1: Parroquia de Bembrive”, debendo a dita empresa indemnizar á reclamante na contía de 128,40 euros”.*

## Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **39(497).- APROBACIÓN PROVISIONAL DA LISTA DE BENEFICIARIOS DE VIVENDAS DE PROTECCIÓN AUTONÓMICA EN BARREIRO.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da Acta da reunión da Comisión de Valoración das solicitudes presentadas para ser beneficiarios das vivendas de protección autonómica a construír en Barreiro, de data 10.05.06, que di o seguinte:

*Na Sala de reunións das Comisións Informativas, sendo as 11.20 h do día 10 de maio de 2006, baixo a Presidencia de D. Jose M. Figueroa Vila, Concelleiro Delegado de Urbanismo, réunese a Comisión de Valoración das solicitudes presentadas para ser beneficiarios das vivendas de protección autonómica a construír en Barreiro.*

*Integran a Comisión os seguintes membros:*

- D<sup>a</sup> Soledad Polo Lima, Concelleira, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular.*
- D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Luisa Graña Barcia, Concelleira, en representación do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE.*
- D. Amador Fernández Fernández, Concelleiro, en representación do Grupo Municipal do BNG.*
- D<sup>a</sup> Elena González Sanchez, Presidente da Fed. de AA.VV. de Vigo, “Eduardo Chao”.*
- D. Rodrigo Costas Duarte, en representación da Fed. de AA.VV. de Vigo, “Eduardo Chao”.*

*Actúa como Secretario D. José Riesgo Boluda, Secretario Xeral do Pleno do Concello de Vigo.*

*Aberta a reunión pola Presidencia procédese o exame da lista previa confeccionada pola Federación de AA.VV. de Vigo “Eduardo Chao” respecto ás 281 solicitudes presentadas, lista na que figuran relacionados, dende a maior á menor puntuación obtida, os distintos peticionarios e na que se desglosan as diferentes puntuacións obtidas nos distintos criterios de selección previstos nas “Normas de selección” aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 23 de xaneiro.*

*Efectuada pola Federación de AA.VV. a explicación do procedemento levado a cabo para obter as puntuacións que constan no listado e para resolver a orde dos empates producidos, entendendo a Comisión que en tal proceso observáronse escrupulosamente as normas aprobadas ó efecto pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade acórdase:*

Primeiro.- *Aprobar a “lista previa de beneficiarios” que se transcribe no anexo a esta acta.*

Segundo.- *Trasladar o expediente e a presente acta á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo ó obxecto de que no prazo máis breve posible proceda á súa aprobación provisional e posterior publicación en dous dos xornais de maior circulación na cidade ó obxecto de que os distintos interesados podan no prazo dos quince días hábiles*

*seguintes examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren conveniente en defensa dos seus dereitos.*

*E non sendo outro o asunto a tratar levántase a reunión sendo as 11.45 h do todo o cal como Secretario dou fe.*

### Acordo

Vista a precedente acta e de conformidade coa norma nº 8 das “Normas para a selección previa dos beneficiarios das vivendas de protección económica en Barreiro”, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a “lista previa de beneficiarios” que se transcribe seguidamente no anexo.

2º.- Proceder á publicación en dous dos xornais de maior circulación na cidade ó obxecto de que os distintos interesados podan no prazo dos quince días hábiles seguintes examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren conveniente en defensa dos seus dereitos.



Hoja de cálculo d  
Microsoft Excel

**40(498).- DAR CONTA DECRETO ALCALDÍA DE DATA 03.05.06, DE GRATIFICACIÓN POR SERVICIOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DO SERVICIO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS CORRESPONDENTE AO MES DE ABRIL 2006. EXPTE. 16435/220.**

Dáse conta da resolución de Alcaldía, de data 3.05.06, sobre o asunto de referencia, polo que o 1º tenente de Alcalde resolve o seguinte:

*Recoñecer as obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais e extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente ano do persoal do Servizo de Extinción de Incendios, aboaranse os traballadores que figuran nas relacións que se achegan e que comeza por don Carlos Abalde Fernández e remata por don José B. Villaverde Veleiro, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes o mes de ABRIL 2006, por un total de 31.699'04 €, con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS.”*

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

**41(499).- CONTRATACIÓN TEMPORAL DE 4 OFICIAIS PAVIMENTADORES E 4 OPERARIOS PAVIMENTADORES A TRAVÉS DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE VIGO.16423/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 24.04.06, conformado pola xefa do Servizo de Persoal, que di o seguinte:

*Con data 20 de maio de 2004 asinouse un convenio de colaboración entre a Excm. Diputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo, sobre cooperación económica, para o financiamento de diversas obras de pavimentado en rúas e camiños da cidade.*

*Con data 17 de abril de 2006, o Enxeñeiro Industrial Municipal deste Concello, D Alvaro Crespo Casal, solicitou a contratación de catro oficiais pavimentadores e catro operarios pavimentadores-obras públicas, xa que o Servizo de Vías e Obras conta con unha dotación mínima insuficiente de persoal , o que leva a que nesta situación non é posible atender ás obras de asfaltado de camiños públicos a realizar baixo o referido convenio.*

*De conformidade co disposto no artigo 9.2 da lei 4/88, de 26 de maio da Función pública de Galicia, a selección de persoal laboral efectuarase de acordo coa oferta de emprego público, mediante convocatoria pública e a través do sistema de concurso ou concurso-oposición libre.*

*Nembargantes, e consonte ó paragrafo 3º do mesmo artigo poderase tamén contratar persoal laboral de carácter non permanente de conformidade coa lexislación laboral vixente, para a realización de traballos de carácter temporal e coxuntural por razóns de necesidade ou urxencia, debidamente motivadas.*

*Ó aveiro do disposto no artigo 35 do RD 364/95, de 10 de marzo, polo que se establece o Regulamento xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración xeral do estado, de aplicación supletoria para o persoal da Administración local (artigo 1.3), poderáse proceder á contratación de persoal laboral non permanente para a realización de traballos que non poidan ser atendidos por persoal laboral fixo.*



O procedemento selectivo para a contratación de persoal laboral non permanente carece dunha regulamentación legal específica, non séndolle de aplicación os requisitos formais establecidos nos artigos 28 a 33 do RD 364/95, por canto se refiren exclusivamente á cubrición de postos reservados ó persoal laboral fixo de novo ingreso, isto e, aqueles que figuran incluídos no cadro de persoal (artigo 15.1.f) da Lei 30/84, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública), e que deben formar parte da oferta de emprego público.

Nembargantes, o procedemento selectivo que ós efectos oportunos se aprobe polo órgano de contratación deberá ser respetuoso en todo caso cos principios de mérito e capacidade, tal e como dispón o artigo 35 do RD 364/95 .

Por esta razón, o artigo 249.1 da lei autonómica 5/97, de 22 de xullo, da Administración local de Galicia, prevé que o proceso selectivo do persoal laboral será con carácter xeral o concurso, excepto nos casos de urxencia.

Asi mesmo, lei 56/03, de 16 de decembro, de emprego, configura ós servizos autonómicos de emprego, como un servizo público e gratuito, que terá como funcións, axudar ós traballadores ó encontro de emprego e ás empresas á contratación dos mesmos, todo elo a través dunha selección obxectiva daqueles candidatos que figuren inscritos no rexistro de ofertas de emprego.

A modalidade contractual que se considera oportuno elixir -contrato por acumulación de tarefas-, esta definida para atender esixencias circunstanciais por acumulación de tarefas, aínda que sexa tratándose da actividade normal (art. 15.1 ET e art. 1 e 3.1 do RD 2720/1998, de 18 de decembro), e o seu prazo contractual se establece como máximo en seis meses.

Entendese, por outra banda, amparada ésta contratación ó aveiro do disposto no artigo 20. da lei 30/2005, de 29 de decembro, de presupostos xerais do Estado para o ano 2006, xa que se trata de cubrir unha necesidade urxente nun servizo de recepción obrigatoria como a que nos ocupa.

O importe da referida contratación de catro oficiais pavimentadores e catro operarios pavimentadores-obras públicas durante tres meses supón un gasto total de 39251,00 €

BASICAS	564,39
C.D.	346,02
C.E.	549,3
TOTAL MES	1459,71

P.P EXTRA	729,86
-----------	--------

Importe total 4 oficiais –3 meses	20435,96
-----------------------------------	----------

BASICAS	515,24
C.D.	279,39
C.E.	549,3
TOTAL MES	1343,93

P.P EXTRA	671,97
-----------	--------

Importe total 4 oficiais –3 meses	18815,04
-----------------------------------	----------

Por todo elo, propónse á Xunta de Goberno Local dicte a seguinte proposta de Resolución:

*Primeiro.- Solicitar do Servicio Galego de Colocación unha oferta xenérica para que sexan remitidos doce candidatos/as que resposten ás seguintes características:*

*PARA OFICIAIS PAVIMENTADORES:*

*Titulación esixida: Graduado Escolar, FPI ou equivalente, e contar con experiencia acreditada en pavimentación de vias.*

*PARA OPERARIOS PAVIMENTADORES:*

*Titulación esixida: Certificado de Escolaridade ou equivalente, e contar con experiencia acreditada en pavimentación de vias.*

*Segundo .- Que por una comisión de valoración composta polo concelleiro-delegado de Persoal ou concelleiro en quen delegue –que actuará como Presidente-, o xefe do servicio de Vías e Obras, un/unha representante designado polo Comité de Persoal e o Xefe da Unidade de Persoal ou técnico en quen delegue –que actuará como secretario-, propoña catro candidatos/as co obxecto de formaliza-la contratación.*

*A tales efectos, o proceso de selección constará dunha proba práctica sobre coñecementos das tarefas propias do posto de traballo, que se avaliará de cero a dez puntos, tendo esta proba carácter excluinte se o/a candidato/a non obten un mínimo de cinco puntos.*

*A comisión propondrá para a contratación ós/ás candidatos/as que resulten seleccionados por orde de puntuación.*

*Terceiro .- Que pola Alcaldía-Presidencia se proceda á formalización dos correspondentes contratos ós candidatos/as propostos pola citada Comisión, sendo éstos/as contratados/as baixo a modalidade contractual -contrato por acumulación de tarefas-, que está definida para atender esixencias circunstanciais por acumulación de tarefas, aínda que sexa tratándose da actividade normal (art. 15.1 ET e art. 1 e 3.1 do RD 2720/1998, de 18 de decembro, e o seu prazo contractual se establece como máximo en seis meses.”*

## Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade, co precedente informe acorda:

Primeiro.- Solicitar do Servicio Galego de Colocación unha oferta xenérica para que sexan remitidos doce candidatos/as que resposten ás seguintes características:

*PARA OFICIAIS PAVIMENTADORES:*

*Titulación esixida: Graduado Escolar, FPI ou equivalente, e contar con experiencia acreditada en pavimentación de vias.*

*PARA OPERARIOS PAVIMENTADORES:*

Titulación esixida: Certificado de Escolaridade ou equivalente, e contar con experiencia acreditada en pavimentación de viais.

Segundo .- Que por una comisión de valoración composta polo concelleiro-delegado de Persoal ou concelleiro en quen delegue –que actuará como Presidente-, o xefe do servizo de Vías e Obras, un/unha representante designado polo Comité de Persoal e o Xefe da Unidade de Persoal ou técnico en quen delegue –que actuará como secretario-, propoña catro candidatos/as co obxecto de formaliza-la contratación.

A tales efectos, o proceso de selección constará dunha proba práctica sobre coñecementos das tarefas propias do posto de traballo, que se avaliará de cero a dez puntos, tendo esta proba carácter excluinte se o/a candidato/a non obten un mínimo de cinco puntos.

A comisión propondrá para a contratación ós/ás candidatos/as que resulten seleccionados por orde de puntuación.

Terceiro .- Que pola Alcaldía-Presidencia se proceda á formalización dos correspondentes contratos ós candidatos/as propostos pola citada Comisión, sendo éstes/as contratados/as baixo a modalidade contractual -contrato por acumulación de tarefas-, que está definida para atender esixencias circunstanciais por acumulación de tarefas, aínda que sexa tratándose da actividade normal (art. 15.1 ET e art. 1 e 3.1 do RD 2720/1998, de 18 de decembro, e o seu prazo contractual se establece como máximo en seis meses.

**42(500).- CONTRATACIÓN LABORAL-TEMPORAL DUN AXUDANTE DE OFICIOS E UN OFICIAL SEPULTUREIRO PARA O SERVIZO DE CEMITERIOS. EXPTE. 16424/220.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Organización da Unidade de Persoal, do 26.04.06, conformada pola xefa da Unidade de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Contratar a D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. CONCEPCION COUSIÑO SENDIN, NIF 36.094.387-G - como Axudante de Oficios, por un periodo de catro meses (1 de xuño de 2006 ata o 30 de setembro de 2006), cun contrato eventual por circunstancias da produción por acumulación de tarefas regulado polo RD. Lexislativo 1/1995, do Estatuto dos traballadores, art. 8.2 e 15, lei 63/97 e RD 272/98, de 18 de decembro.

2º.- Percibirá como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extra e vacacións do posto de traballo 147 –Axudante de oficios.

3º.- Solicitar do Servicio Galego de Colocación unha oferta xenérica para que sexan remitidos oito candidatos/as para unha praza de oficial sepultureiro, que resposten ás seguintes características:

Titulación esixida: Certificado de Escolaridade ou equivalente, e ter nocións de albanelería.

4º.- Que por unha comisión de valoración composta polo concelleiro-delegado da Area de Xestión Municipal ou concelleiro en quen delegue –que actuará como Presidente-, o xefe do sector de Acción Social ou técnico en quen delegue, un/unha representante designado polo Comité de Persoal e a Xefa da Unidade de Persoal ou técnico en quen delegue –que actuará como secretario-, propoña un candidato/a co obxecto de formaliza-la contratación.

A tales efectos, o proceso de selección constará dunha proba práctica sobre coñecementos das tarefas propias do posto de traballo, que se avaliará de cero a dez puntos, tendo esta proba carácter excluinte se o/a candidato/a non obtén un mínimo de cinco puntos.

A comisión propoñerá para a contratación ó/á candidato/a que resulte seleccionado por orde de puntuación.

5º.- Que pola Alcaldía-Presidencia se proceda á formalización do correspondente contratos ós/ás candidato/a proposto pola citada Comisión, sendo éste/a contratado/a baixo a modalidade contractual -contrato por acumulación de tarefas-, que está definida para atender esixencias circunstanciais por acumulación de tarefas, aínda que sexa tratándose da actividade normal (art. 15.1 ET e art. 1 e 3.1 do RD 2720/1998, de 18 de decembro, e o seu prazo contractual se establece como máximo en seis meses dentro do período de doce meses.

**43(501).- RECORDATORIO CUMPRIMENTO DAS CONDICIÓNS DO PERSOAL MUNICIPAL EN APLICACIÓN DO DISPOSTO NO VIXENTE ACORDO REGULADOR DAS CONDICIÓNS ECONÓMICAS E SOCIAIS DOS/DAS TRABALLADORES/AS AO SERVIZO DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 16448/220.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 5.05.06, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar a instrucción que seguidamente se indica:

RECORDATORIO DO CUMPRIMENTO DAS CONDICIÓNS DE TRABALLO DO PERSOAL MUNICIPAL EN APLICACIÓN DO DISPOSTO NO VIXENTE ACORDO REGULADOR DAS CONDICIÓNS ECONÓMICAS E SOCIAIS DOS/DAS TRABALLADORES/AS AO SERVIZO DO CONCELLO DE VIGO E INSTRUCIÓNS INTERPRETATIVAS RELATIVAS AO SEU CUMPRIMENTO

## 1) Cumprimento do horario de traballo

Con carácter xeral, a xornada de traballo desenvolveráse de luns a venres en horario de 07:45 a 15:00 horas. Contéplase unha marxe de flexibilidade horaria na entrada ata as 8:00 h, hora na que os empregados municipais deberán atoparse inexcusablemente e de xeito efectivo no seu posto de traballo. As excepcións a dito horario deberán figurar no calendario laboral que se aprobará anualmente antes do 31 de decembro de cada ano, trala negociación cos representantes do persoal na Mesa ó efecto.

A efectos de compensación de horarios non se computarán as entradas anteriores ás 7:45 h, sen prexuízo daquelas xornadas especiais de traballo que por necesidades do servizo sexan solicitadas e autorizadas pola Unidade de Persoal; por isto, os xefes daqueles servizos que precisen xornadas ou horarios distintos por razóns do servizo debidamente xustificadas, deberán remiti-las correspondentes propostas á Unidade de Persoal antes da finalización do mes de outubro de cada ano.

A saída deberá producirse inexcusablemente ás 15,00h. Aquelas saídas que se produzan con anterioridade ás 15,00h darán lugar aos correspondentes descontos por incumprimento de xornada.

As xornadas reducidas son as que figuran no artigo 11 do Acordo regulador, e deberán ser sempre solicitadas polo funcionario ou empregado, aportando a tal efecto a documentación pertinente en cada caso, sendo autorizadas pola Alcaldía, sen prexuízo dos casos de autorización presunta previstos no art. 44.2 do Acordo.

Lémbrese que, segundo o artigo 26. B) do vixente Acordo Regulador, as accións ou omisións encamiñadas a evadir os sistemas de control de horarios, ou a impedir que sexan detectados os incumprimentos inxustificadas da xornada de traballo, teñen a consideración de falta grave.

No caso de non ser posible fichar (por ter a tarxeta estropeada, esquecemento, perda ou sustracción) deberán presentarse na Unidade de Persoal para a introducción manual da súa marcaxe e arranxar ou solicitar unha nova tarxeta. Mentras isto ocorre, a Unidade de Persoal suministrarálles unha tarxeta provisional, que deberá ser devolta no momento en que se lles entregue a nova ou se atope a perdida.

Polo que respecta ao persoal que non ten a posibilidade de fichar (Servizo de Extinción de Incendios, Policía Local, Cemiterios, etc..) deberá atenerse ás normas de presenza no servizo actualmente en vigor (lectura do parte diario, etc). Dende as xefaturas destes Servizos remitiránse semanalmente á Unidade de Persoal aquelas incidencias que se produzan en canto ao incumprimento da xornada e horarios, a efectos de que por parte da dita Unidade se tomen as medidas disciplinarias correspondentes.

Dacordo co establecido no apartado primeiro, 4.d) da Resolución de 20 de decembro de 2005, da Secretaría Xeral para a Administración Pública, pola que se dictan instrucións sobre xornada, horarios de traballo do persoal civil ao servizo da Administración Xeral do Estado (BOE do 27/12/2005) e que resulta de aplicación supletoria aos funcionarios/as das entidades Locais consonte aos artigos 92 e 94 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, durante a xornada de traballo poderase disfrutar dunha pausa por período de 30 minutos, que se computará como traballo efectivo. Esta interrupción non poderá afectar á prestación dos servizos e, con carácter xeral, poderá efectuarse entre as 10:00 e as 12:30 horas.

Ademais, os xefes/as de Unidade son en última instancia os encargados de controlar que os seus subordinados non se excedan no aproveitamento da pausa anteriormente referida, e son quen de remitir á Unidade de Persoal calquera anomalía que detecten ó respecto.

Co obxecto de garantir os debidos controles de presenza horaria do persoal municipal que, non estando suxeito a un réxime de quendas, veña a traballar polas tardes, e de conformidade coas Instrucións de plantilla vixentes, lémbrese a tódalas unidades a necesidade de observa-lo cumprimento das seguintes normas:

I) De conformidade co recollido nas Instrucións interpretativas do acordo regulador, os funcionarios dos grupos de titulación A e B contarán con horario flexible, coa obriga de permanecer nos seus postos de traballo de 9.00 a 14.00 horas, debendo compensa-la súa xornada laboral polas tardes, de luns a venres, en horario ata as 20:00 horas, sen que se contabilicen a efectos compensatorios os excesos de xornada fora dos horarios sinalados. As horas en exceso realizadas deste xeito poderán compensarse entre as 7:45 e 9:00 horas e entre as 14.00 e 15:00 horas exclusivamente.

A tales efectos, deberán proceder a rexistrar a súa presenza coa súa tarxeta de identificación persoal nos reloxos de control horario, ademais de marcar o código correspondente (06) e asina-lo correspondente parte de entrada e saída que estará a súa disposición en Conserxería.

O incumprimento dos anteriores requisitos dará lugar a que se descuenten as horas de ausencia do posto, si é dentro da xornada normal, ou non se computen, si é fora da mesma.

Cando as horas en exceso non se realicen na Casa do Concello, será necesario comunicarlle á Unidade de Personal a concreción temporal e física das mesmas, debidamente conformada pola xefatura da Área e o Concelleiro delegado da Área, na semana posterior á súa realización por medio do programa de Xestión de Expedientes. En caso contrario, non se computarán para os efectos de compensación horaria.

II) O resto dos empregados/as municipais non comprendidos naqueles grupos de titulación que, por necesidades do servizo debidamente acreditadas, tivesen que realizar algún servizo en xornada de tarde -entendéndose ésta a comprendida ata as 20:00 horas- deberán acreditar tamén a correspondente autorización escrita por parte da súa xefatura do Servizo e coa conformidade do Concelleiro-delegado de Xestión Municipal ou, en caso de ausencia deste, polo xefe/a da Unidade de Persoal ou polo xefe/a da Área de Réxime Interior, ademais de cumprimenta-los mecanismos de control anteriores

III) Exceptúanse da necesidade de acreditar a referida autorización os delegados sindicais, que poderán acudir libremente tanto a aquelas dependencias nas que estea prestando servizo algún empregado municipal, ou ben aos propios locais do Comité, sen prexuízo do deber de marcaxe coa súa tarxeta de identificación persoal e/ou sinatura nos partes de entrada e saída, como normas comúns a tódolos empregados municipais.

## 2) Compensacións

Poderán compensarse os excesos de xornada dentro dos 4 meses posteriores á súa realización. A negativa á posibilidade de compensación con descansos se xustificará coa solicitude do funcionario e a negativa fundada do xefe do servizo, e dará lugar a que se abone cuatrimestralmente (meses de abril, agosto e decembro) o mesmo importe que as horas en defecto (descontos por ausencia inxustificada ó traballo), dividindo as retribucións fixas e periódicas mensuais por 30 días e o resultado por 7,25 horas, e multiplicando a cifra resultante polo número de horas realizadas en exceso sobre as normais do mes -segundo calendario laboral- polo funcionario ou empregado, sen prexuízo dos recargos que procedan por nocturnidade ou festividade.

No caso dos empregados incluídos nos grupos A e B, este prazo de compensación será de 6 meses.

Estas horas en exceso poderán compensarse acumulándoas para poder disfrutar de xornadas íntegras de descanso, ou para compensar retrasos na entrada ou saídas anticipadas -previa solicitude a través do sistema de xestión de expedientes- e debendo manterse, en todo caso, o mesmo horario de permanencia que no caso anterior para os funcionarios dos grupos A e B de titulación.

## 3) Vacacións

No calendario de vacacións deberá figurar o mes de aproveitamento por cada funcionario ou empregado, garantindo dito dereito entre os meses de xuño e setembro, ámbolos dous inclusive. Os xefes dos respectivos servizos garantirán baixo a súa responsabilidade que o cadro de vacacións non afecta ao normal funcionamento do servizo.

Na medida en que sexa posible, tenderán a garanti-la presenza do 75 % da dotación humana, distribuída entre os meses de xuño e setembro, ámbolos dous inclusive.

Como consecuencia da aplicación das disposicións contidas na Lei 53/2002, do 30 de decembro, de Medidas Fiscais, Administrativas e de Orde Social, os empregados do Concello de Vigo terán dereito, por ano completo de servizos, a disfrutar dun período vacacional retribuído de 1 mes natural (si se solicitan de mes a mes) ou de 22 días hábiles anuais (no suposto de solicitalas por días), ou ben aos días que corresponda proporcionalmente ao tempo de servizos efectivos prestados.

Asimesmo, terán dereito a 1 día hábil adicional cando cumplan 15 anos de servizo, engadíndose 1 día hábil máis cando cumplan os vinte, vintecinco e trinta anos de servizo respectivamente, ata un total de 26 días hábiles por ano natural.

Este dereito farase efectivo a partires do ano natural seguinte ao cumprimento dos anos de servizo sinalados no parágrafo anterior, o que se podería resumir consonte á seguinte distribución:

- Ata 15 anos de antigüidade: un mes natural ou 22 días hábiles.
- Entre 16 e 20 anos de antigüidade: un mes natural ou 23 días hábiles.
- Entre 21 e 25 anos de antigüidade: un mes natural ou 24 días hábiles.
- Entre 26 e 30 anos de antigüidade: un mes natural ou 25 días hábiles.
- Máis de 30 anos de antigüidade: un mes natural ou 26 días hábiles.

Para os efectos previstos no presente apartado, non se considerarán como días hábiles os sábados, sen prexuízo das adaptacións que se establezan para os horarios especiais.

A efectos de desenvolver as anteriores previsións, as Unidades Administrativas deberán remitir antes do mes de novembro de cada ano a súa proposta de calendario de vacacións á Unidade de Persoal, na forma anteriormente indicada e seguindo o principio xeral de rotación do persoal, sen prexuízo dos casos especiais de funcionarios nos que concorran motivos de estudo ou fillos en idade escolar, que serán estudados.

O calendario de cada ano será aprobado pola Alcaldía antes do 31 de decembro do ano anterior, unha vez oído o Comité de Empresa.

O/a funcionario/a poderá solicitar en calquera momento a modificación do período de vacacións que figura no cadro, ou o seu fraccionamento en períodos que nunca serán de menos de cinco días hábiles, podendo iniciarse estes períodos en calquera día da semana. En todo caso, os cambios deberán ser autorizados polo/a xefe/a do servizo, sempre que non perxudique a/o funcionamento normal do mesmo.

Se as vacacións se gozan fora do período normal de aproveitamento –de xuño a setembro ambos incluídos–, increméntaranse en 3 días laborais máis ou a parte proporcional seguindo a distribución compensatoria para o disfrute dos citados días que queda establecida como segue

- 3 días adicionais de vacacións por un mes ou 20 ou máis días hábiles de vacacións disfrutados fora da época estival.
- 2 días adicionais de vacacións por unha quincena ou entre 15 e 19 días hábiles de vacacións fora da época estival.
- 1 día adicional de vacacións por un total de entre 10 e 14 días hábiles de vacacións disfrutadas fora da época estival.
- Ningún día adicional no caso de que o disfrute das vacacións fora da época estival sexa de menos de 10 días hábiles.

Os anteriores días adicionais de vacacións acumularáanse sempre á cantidade total de días aos que teña dereito cada empregado/a, en función dos anos de antigüidade nas administracións públicas nas que traballara e que xa se sinalau en parágrafo anterior.

As solicitudes de vacacións deberán ser tramitadas e cumprimentadas debidamente dende o Programa de Xestión de Expedientes e segundo o modelo tipo existente no mesmo.

En todo caso, as vacacións gozaranse durante o ano natural, perdéndose as que non se disfruten en dito período, con excepción das derivadas de necesidades do servizo debidamente xustificadas, que poderán gozarse durante o mes de xaneiro do ano seguinte.

No caso de que o/a funcionario/a se atopase en situación de baixa na data en que debería iniciar as súas vacacións, éstas non se iniciarán, sendo pospostas ata o día seguinte ó da data da alta, salvo necesidades de servizo debidamente xustificadas.

No caso de hospitalización durante o período das súas vacacións, o/a empregado/a terá dereito a que lle sexan compensados exclusivamente os días de internamento hospitalario, previa xustificación documental.

#### 4) Asuntos persoais

Os 9 días por asuntos persoais como máximo ó ano -ou ben a parte proporcional se non traballase a totalidade do período- poderán solicitarse conxuntamente ou fraccionados, segundo conveniencia do funcionario.

Deberán utilizarse durante o ano, perdéndose en caso contrario, salvo por necesidades do servizo debidamente xustificadas polo xefe/a da Unidade. Neste caso poderán disfrutarse nos 15 primeiros días hábiles do ano seguinte.

De conformidade coa citada Resolución de 20 de decembro de 2005, da Secretaría Xeral para a Administración Pública, existirán dous días adicionais de permiso por asuntos propios, motivada na coincidencia dos días 24 e 31 de decembro en festivo, sábado ou día non laborable.

Tal previsión será tamén de aplicación ao persoal laboral ó servizo deste Concello, a fin de evita-la desigualdade de condicións co persoal funcionario.

No suposto de persoal laboral ou funcionario que preste os seus servizos por tempo inferior ao ano natural, terán dereito a gozar da correspondente parte proporcional dos días de permiso por asuntos propios, computándose a tal efecto os referidos dous días adicionais.

Non se poderán acumular permisos por asuntos persoais ás vacacións, e deberá transcorrer un día hábil entre un e outro período de descanso. Tampouco romperá a continuidade calquera outro tipo de permiso retribuído dos establecidos convencional ou legalmente, de xeito que sempre deberá transcorrer un día hábil entre vacacións e permisos por asuntos particulares.

As solicitudes de asuntos propios deberán ser tramitadas e cumprimentadas debidamente a través do Programa de Xestión de Expedientes cunha anterioridade de 10 días e segundo o modelo-tipo existente no mesmo.

#### 5) Saídas

Lémbrese a todo o persoal adscrito a servizos ou unidades radicados na casa do Concello que seguen vixentes as diversas circulares relativas ás normas de acceso e saída da mesma, polo que as ausencias do edificio consistorial deberán limitarse exclusivamente ás incidencias reflectidas nos reloxos de control de presenza e circulares de referencia.

Correspóndelle aos xefes/as das respectivas Unidades e Servizos garanti-lo cumprimento do tempo regulamentario de descanso do persoal que deles dependa, debendo poñer en coñecemento dos respectivos Concelleiros-Delegados, así como do Concelleiro Delegado de Persoal, calquera incumprimento reiterado que puidesen detectar no aproveitamento destes descansos.



O persoal que estivese adscrito a un mesmo negociado deberá rotar no aproveitamento dos descansos, de xeito que en ningún momento quede abandonado o servizo. Nas unidades en que non existan negociados, procederáse tamén á rotación do seu persoal coa mesma finalidade indicada.

As saídas ao exterior durante a xornada laboral deberán acreditarse cos correspondentes partes de saída, que irán asinados inescusablemente polo xefe/a da respectiva Unidade e, na súa ausencia, polo superior xerárquico inmediato ou polo xefe/a da Unidade de Persoal. Se a saída non obedece a razóns de servizo, deberán ser asinados asemade polo xefe/a da Unidade de Persoal.

En todo caso, especificarase o motivo concreto en que pretenden fundamentarse as distintas ausencias. Do mesmo xeito, deberán marcarse os diferentes códigos de saída que figuran nos reloxos de control horario no momento en que se produzan as marcaxes de saída e entrada coas tarxetas persoais.

As saídas por atención médica e asuntos particulares (bancos, notarios, etc) deberán ser xustificadas documentalmente en calquera caso nun prazo máximo de cinco días hábiles. En caso contrario consideraránse como incumprimento inxustificable do horario de traballo, motivando en consecuencia a dedución proporcional das retribucións establecida no artigo 26) C do vixente Acordo Regulador.

6) Xustificación de permisos: (Achégase cadro xustificativo de permisos oficiais)

As demais solicitudes de permisos derivadas da aplicación do Acordo Regulador vixente, deberán ser participadas ao xefe/a do Servizo respectivo simultaneamente á presentación das mesmas na Unidade de Persoal, co obxecto de que o xefe/a de Servizo teña coñecemento das mesmas coa debida antelación, para a correcta organización do traballo.

A xustificación do seu disfrute haberá de realizarse no prazo de 5 días hábiles.

No que respecta ao permiso por enfermidade grave dun familiar recollido no artigo 16.A).8 do Acordo regulador teranse en conta as seguintes precisións:

A gravidade da enfermidade virá determinada polo feito de que se precise internamento hospitalario, o que non implica que calquera proceso que supoña hospitalización teña a consideración de enfermidade grave, pois a tales efectos deberá considerarse como enfermidade calquera doenza física ou psíquica susceptible de provocar unha alteración da saúde.

Cando se xustifique o “permiso por enfermidade grave dun familiar” que supoña internamento hospitalario, no xustificante do Centro hospitalario bastará con acredita-la data de internamento e a de alta do mesmo, sen necesidade de concretar nin os pormenores nin as causas concretas da súa hospitalización.

O permiso será polos días fixados no acordo con independencia da duración do internamento hospitalario.

Os ingresos hospitalarios con motivo do nacemento dun fillo/a non terán a consideración de enfermidade grave aos efectos previstos no artigo 16 A), parágrafo 8, do Acordo Regulador, e tan só xerará licenza aos pais, segundo o disposto no artigo 16 A), parágrafo 7, salvo que se xustifique que a causa da hospitalización ten unha duración superior aos tres días de permiso, sen necesidade de constatar os motivos clínicos do internamento.

En relación ao permiso por matrimonio contemplado no artigo 16. A) 4 do Acordo Regulador, os 18 días de duración do mesmo comezarán a contarse o primeiro día hábil seguinte á data de celebración do matrimonio; naquel suposto en que o traballador/a, por razóns da data de celebración do matrimonio, así o solicite, poderán computarse os días dende o día da solicitude do permiso.

Xa con carácter xeral, no art. 16 do acordo contéplanse os permisos retribuídos e no 17 os permisos non retribuídos.

*En ámbolos dous casos é necesario solicita-la autorización antes do seu disfrute coa antelación prevista no art. 44, salvo imposibilidade de respecta-lo prazo; neste caso, solicitaranse no momento en que se produza a situación que fai nace-lo dereito. Deberán ser autorizados antes da súa iniciación, sen prexuízo de que se consideren autorizados tácitamente naqueles casos nos que transcorra o prazo do para resolver desde a data da solicitude e a petición non fose contestada, producindo efectos positivos dito silencio.*

*En canto a súa xustificación, ésta efectuarase no prazo máximo de 10 días desde que se disfrutou o permiso, agás motivo que o impida.*

*Exclúense do anterior réxime os permisos correspondentes aos días 24 e 31 de decembro, que non precisan de solicitude; e os permisos por asuntos persoais, que aínda que deben solicitarse ao igual que os anteriores, non necesitan xustificación e só deberán contar co conforme do xefe/a da Unidade, facendo constar que as necesidades do servizo o permiten.*

#### **7) Baixas**

*No suposto de incapacidade temporal, o parte médico deberá de ser presentado no servizo correspondente, cumplimentados os apartados que correspondan e debidamente selada e asinada; dende cada servizo será remitido á Unidade de Persoal no prazo máximo de 48 horas. Se procederá en igual sentido en canto ao parte de confirmación de baixa. O parte que acredite a situación de alta médica debrá igualmente presentarse no servizo que corresponda.*

*En todo caso, deberá de estarse ao disposto no Real Decreto Legislativo 1/1994, do 20 de xuño, aprobatorio do Texto Refundido da Seguridade Social, e normativa de desenvolvemento e concordante aplicación*

*Coa finalidade de garanti-la adecuada prestación do servizo, pola Unidade de Persoal procederase a dar conta á Inspección Médica das baixas existentes para o seu seguimento e control.*

#### **8) Accidentes laborais**

*Cando se produza un accidente laboral, con carácter xeral o afectado/a deberá de acudir aos centros da Mutua; no suposto de que se trate de un accidente de extrema gravidade, acudirase ao centro hospitalario máis cercano.*

*Nos supostos de accidentes laborais non graves, comunicarase a incidencia ao xefe/a do servizo ou responsable inmediato, indicando se precisa ou non asistencia médica.*

*Os xefes/as dos servizos ou unidades deberán de elaborar o correspondente parte de accidente e avaliación de riscos, segundo o modelo que lles será remitido pola Unidade de Persoal, debendo achegala á mesma coa maior brevidade posible.*

*En todo caso, deberá de estarse ao disposto no Real Decreto Legislativo 1/1994, do 20 de xuño, aprobatorio do Texto Refundido da Seguridade Social, e normativa de desenvolvemento e concordante aplicación.*

#### **9) Inasistencia ao traballo**

*No suposto de inasistencia ao traballo, deberá de comunicarse tal circunstancia á xefatura do servizo correspondente, que comunicará a incidencia por escrito á Unidade de Personal para a tramitación do correspondente permiso e o control da súa xustificación.*

*Lémbrese que a falta de xustificación da inasistencia ao traballo pode ser constitutiva de falta disciplinaria leve segundo recolle o artigo 26. C) 1 do Acordo Regulador, levando aparellada como sanción o apercibimento e a dedución proporcional de retribucións.*

#### 10) Horas extras

Os excesos sobre a xornada mensual segundo calendario laboral compensaranse con descansos a razón de unha hora por cada hora traballada, e sen prexuízo da compensación económica que corresponda no caso de que se trate de sábados, domingos ou festivos, na data que indique o funcionario, sen prexuízo de que o funcionario ou empregado poda solicitar que se lle acumulen a efectos de permiso previo á xubilación.

No caso de non poder compensarse con descansos no prazo de 4 meses desde o seguinte ó que se produciron, -o que se xustificará coa solicitude do funcionario e a negativa fundada do xefe/a da Unidade- serán aboados cuatrimestralmente (meses de abril, agosto e decembro) ó mesmo importe que as horas en defecto (descontos por ausencia inxustificada ó traballo), dividindo as retribucións fixas e periódicas mensuais por 30 días e o resultado por 7,25 horas e multiplicando a que resulte polo número de horas realizadas en exceso sobre as normais do mes segundo calendario laboral, polo funcionario ou empregado, sen prexuízo dos recargos que procedan por nocturnidade ou festividade, agás no caso do Servicio de Extinción de Incendios que lle será de aplicación o contido no Acordo da Comisión de Goberno de data 4 de decembro de 2000 que acordou proceder ó abono do recargo establecido por hora traballada no art. 10 do acordo regulador vixente o persoal do Servicio de Extinción de Incendios que desenvolvan a súa xornada laboral en sábado, detraéndose do cómputo os sábados que correspondan ás 219 horas traballadas en exceso sobre a xornada normal de traballo, toda vez que por resolución da Alcaldía de 26 de outubro de 1995, que aprobou o importe da gratificación por servizos especiais e extraordinarios do persoal dese servizo, xa foron considerados os sábados como festivos.

Para estes efectos os responsables dos servizos remitirán nos 5 primeiros días de cada mes á Unidade de Persoal unha relación alfabética dos funcionarios ou empregados, cos seus apelidos, nome e número de persoal, que realizaron horas en exceso, e transcorridos máis de 4 meses desde o mes que as fixeron, non foron compensadas con descansos.

Asimesmo, remitirase relación comprensiva daqueles que solicitan que se lle acumule para permiso anterior á xubilación. (Nas primeiras deberán indicar se lles corresponde o incremento por nocturnidade ou festividade).

Será condición inexcusable para o abono de horas en exceso a autorización previa da Alcaldía, a proposta xustificada do xefe/a de Área, debendo tramitarse a través da Unidade de Persoal, agás as derivadas de forza maior que, unha vez xustificadas polo xefe/a do Servizo e remitidas á Unidade de Persoal, poderán ser autorizadas pola Alcaldía despois da súa realización.

Cando se trate de servizos extraordinarios derivados do cumprimento dun deber inexcusable de carácter público do funcionario ante calquera organismo xudicial ou administrativo derivado do exercicio de funcións do seu cargo, concederáselle un día a cambio.

Para o suposto excepcional de que as necesidades do servizo impidan de xeito obvio a compensación con descansos, os xefes/as dos servizos remitirán á Unidade de Persoal informe detallado xustificativo de tal circunstancia e das consecuencias que para o servizo poida ter a antedita compensación, solicitando que se proceda ao aboamento dos excesos de xornada realizados.

Aos efectos oportunos en relación co cobro das horas extraordinarias, estarase ao disposto na Circular informativa do Concelleiro-delegado de Xestión Municipal de data 28 de abril de 2006 e modelos anexos.

#### 11) Horas sindicais

Os dereitos sindicais e os conseguintes deberes exerceranse con suxeición estricta ao previsto no artigo 28 da Constitución de 1978, Lei Orgánica 11/1985, do 2 de agosto, de Liberdade Sindical; Lei 9/1987, do 12 de xuño, reguladora dos Órganos de Representación, Determinación das condicións de Traballo e Participación do persoal

ao servizo das Administracións Públicas, e Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, do Estatuto dos Traballadores.

A utilización das ditas horas haberá de tramitarse a través da Xestión de Expedientes

### 12) Autorización de assembleas

Con carácter xeral, a celebración de assembleas realizarase fora de horas de traballo, salvo acordo entre o alcalde e as persoas que estén lexitimadas para convocalas. Se existe acordo, o Alcalde poderá autorizalas dentro do horario de traballo, ata un máximo de 50 horas anuais, das que 20 corresponderanlle ás seccións sindicais proporcionalmente á súa representación na Xunta de Persoal e no Comité de Empresa. Se as asembleas corresponde a persoal dun só servizo, as horas computaranse ao 50%.

En calquera caso, a realización da reunión en xornada de traballo non prexudicará a prestación do servizo.

Serán requisitos para convocar unha reunión os seguintes:

- Comunicación por escrito da súa realización cunha antelación de dous días hábiles.
- A solicitude deberá conter a hora e lugar de celebración, orde do día e datos dos asinantes acreditativos de que están lexitimados para convocala.

Se antes das 24 horas anteriores á data da reunión o Alcalde non formulase obxeccións a ésta mediante resolución motivada, entenderáse autorizada sen máis requisitos.

Os convocantes das reunións serán responsables do seu normal desenvolvemento.

### 13) Formación

O artigo 16 do vixente Acordo Regulador contempla un permiso retribuído para asistencia a cursos de perfeccionamento profesional, cando o contido esté directamente relacionado co posto de traballo ou a carreira profesional do empregado. Este permiso non poderá exceder de 40 horas ou como máximo 6 xornadas.

Terán a consideración de cursos e polo tanto consumirán crédito a asistencia a charlas, coloquios, conferencias, seminarios, etc., dentro da xornada laboral, sempre e cando non se actúe como relator en representación do Concello.

Con cargo ao crédito horario para formación do que dispón anualmente cada traballador, computarase a redución dunha hora da xornada para aquel persoal que asista a cursos fora da xornada normal de traballo. Para isto, e no caso de que ditos cursos non pertencen ó Plan de Formación do Concello para os seus empregados, e sempre que teñan relación directa co posto de traballo ou carreira profesional do empregado, será necesario solicitar á Unidade de Persoal o correspondente permiso, coa conformidade do xefe/a do Servizo, relativo a que as necesidades do servizo quedan cubertas, e co conforme do Concelleiro-delegado correspondente, especificando as datas de celebración, horario, organizador e lugar de celebración.

### 14) Dereito a que se contesten as peticións

O art. 44 establece os supostos nos que as solicitudes do persoal se poden entender estimadas ou desestimadas transcorridos os prazos que naquel se establecen, e que son os que rexen con carácter xeral para o resto de administracións, sen prexuízo do disposto en materia de procedementos administrativos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999.

Polo tanto, para poder entender o funcionario que a súa solicitude está estimada, nos casos nos que a falta de contestación produza este efecto, especialmente en materia de permisos, deberá solicitalos coa antelación que para cada caso se contempla no apartado 2 de dito artigo.

15) Normativa en materia de incompatibilidades

Lémbrese a todo o persoal municipal o obrigado cumprimento da normativa vixente en materia de incompatibilidades, en virtude do disposto no artigo 103.3 da Constitución de 1978; Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública; Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas e vixente Acordo Regulador.

Corresponde á Xunta de Goberno Local o outorgamento da correspondente autorización de compatibilidade entre a actividade no sector público e o exercicio de actividades privadas, no uso das competencias recollidas no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada por Lei 57/2003.

O incumprimento do antedito pode provocar a comisión de conductas constitutivas de falta disciplinaria grave, consonte o disposto no artigo 31.1.h) da Lei 30/1984, do 2 de agosto; Decreto 94/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do Réxime Disciplinario dos Funcionarios da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, modificado por Decreto 157/2004, e con carácter supletorio o Real Decreto 33/1986, do 10 de xaneiro, do Regulamento do Réxime Disciplinario dos funcionarios da Administración do Estado, así como artigo 26.a) do Acordo Regulador.”

2º.- Dar traslado da presente aos concelleiros/as-delegados das diferentes Áreas municipais, así como aos xefes/as de Área e de Servizo para o seu estricto cumprimento, significándolles que a efectiva observancia da instrucción será controlada con carácter inmediato.

CADRO XUSTIFICATIVO DE PERMISOS OFICIAIS

Solicitude previa	TIPO DE PERMISO	Nº DE DÍAS		XUSTIFICACIÓN	OBSERVACIONES
		MUNICIPAL	FORA		
Sí	Exámes e Pruebas Selectivas	1 día	Tiempo necesario e imprescindible	Xustificante de asistencia	
Sí	Matrimonio	18 días naturais		Libro de familia	Son días naturais pero contan a partir do 1º hábil seguinte á celebración
Sí	Matrimonio de Familiar (1º consanguinidade)	O día da celebración		Libro de familia dos contraíntes	Ata o primeiro grao de consanguinidade
Sí	Separación / Divorcio	2 días laborables		Resolución xudicial	Contan a partir do 1º hábil seguinte a producirse
Sí	Nacemento / Acollida / Adopción de fillo	3 días laborables	5 días laborables	Certificado nacemento ou libro de familia (nacemento) Resolución xudicial (Acollida o adopción)	Contan a partir de que naza o dereito
No	Falecemento Cónxuge o persoa que conviva	5 días laborables		Esquela o similar o certificado de defunción	A partir da data en que se produza a defunción
	Falecemento fillos,	3	5	Esquela ou similar ou	A partir da data en que se

Solicitude previa	TIPO DE PERMISO	Nº DE DÍAS		XUSTIFICACIÓN	OBSERVACIONES
		MUNICIPIO	FORA		
No	padres, sogros, irmáns, xenros, noras	laborables (consecutivos)	laborables (consecutivos)	certificado de defunción + Libro de familia: - Do solicitante (para sogros) - Dos fillos (para xenros e noras)	produza a defunción
No	Falecemento abós paternos, abós políticos e netos	2 laborables (consecutivos)	4 laborables (consecutivos)	Esquela ou similar ou certificado de defunción + Libro de familia: - Dos pais do solicitante (para abós políticos) - Dos fillos do solicitante (para netos) -	A partir da data en que se produza a defunción
No	Falecemento tíos, sobriños, curmáns	Tempo necesario	1 laborable	Esquela ou similar ou certificado de defunción + Libro de familia: - Do finado (para tíos) - Do solicitante (para sobriños)	A partir da data en que se produza a defunción
No	Falecemento Cuñados	2 laborables (consecutivos)	4 laborables (consecutivos)	Esquela ou similar ou certificado de defunción + Libro de familia: - Do solicitante (se o difunto era familiar consanguíneo do cónxuxe do solicitante) - Do finado (se era familiar político do solicitante o de seu cónxuxe)	A partir da data en que se produza a defunción
No	Enfermidade grave Cónxuxe ou persoa que conviva	5 días laborables máximo (consecutivos)		Xustificante do hospital acreditativo do ingreso hospitalario. + Libro de familia ou Volante de Empadronamento da unidade familiar	Precisa internamento hospitalario
No	Enfermidade grave fillo e pais	3 laborables máximo (consecutivos)	5 laborables máximo (consecutivos)	Xustificante do hospital acreditativo do ingreso hospitalario.	Precisa internamento hospitalario

Solicitude previa	TIPO DE PERMISO	Nº DE DÍAS		XUSTIFICACIÓN	OBSERVACIONES
		MUNICIPIO	FORA		
No	Enfermidade grave irmáns, xenros, noras	3 laborables máximo (consecutivos)	4 laborables máximo (consecutivos)	Xustificante do hospital acreditativo do ingreso hospitalario + Libro de familia do hospitalizado (para xenros e noras)	Precisa internamento hospitalario
No	Enfermidade grave abós paternos e políticos, netos e sogros	2 laborables máximo (consecutivos)	4 laborables máximo (consecutivos)	Xustificante do hospital acreditativo do ingreso hospitalario + Libro de familia: - Do solicitante (para sogros) - Dos pais ou sogros do solicitante (para abós paternos ou políticos) - Dos fillos do solicitante (para netos)	Precisa internamento hospitalario
No	Enfermidade grave Cuñados	2 días laborables máximo (consecutivos)	4 laborables máximo (consecutivos)	Xustificante do hospital acreditativo do ingreso hospitalario + Libro de familia: - Do solicitante (se o enfermo é familiar consanguíneo do cónxuxe do solicitante) - Do enfermo (se é familiar político do solicitante ou do seu cónxuxe)	Precisa internamento hospitalario
No	Enfermidade non grave	2 días (consecutivos)		Volante de empadronamento da unidade familiar - Xustificante de que o cónxuxe traballa	Sólo se o enfermo convive e non existe outra persoa no domicilio que poida atendelo
De-	Cursos de perfeccionamiento profesional	40 horas/ano ou 6 xornadas de traballo		Certificado de admisión ou resguardo inscrición (antes do curso). - Certificado asistencia (despois do curso).	Nos organizados directamente pola Unidade de Persoal do Concello de Vigo non serán precisos os xustificantes
Sí	Acompañamento a Consulta médica	Tempo necesario		- Xustificante de asistencia médica + - Libro de familia do interesado ou Volante empadronamento de	Solo a menores de 12 anos ou familiares (1º grado) discapacitados >33% e que convivan

Solicitude previa	TIPO DE PERMISO	Nº DE DÍAS		XUSTIFICACIÓN	OBSERVACIONES
		MUNICIPAL	FORA		
				unidade familiar - Certificado de discapacidade reconocida polo INSS ou a Xunta de Galicia	
Sí	Traslado de domicilio	3 días hábiles se es dentro de Vigo ou se se ven a Vigo e 1 se es fóra de Vigo		Volante de empadronamento con data do cambio de domicilio	Non teñen que ser días consecutivos
No	Maternidade / aborto	18 semanas		Parte de Maternidade	
Sí	Adopción de menor de 9 meses	18 semanas		Decisión administrativa ou xudicial (acollemento) Resolución xudicial (adopción)	A partir da decisión administrativa ou xudicial de acollemento, ou ben a partir da resolución xudicial pola que se constituía a adopción
Sí	Exames prenatais e preparación ao parto	Tempo indispensable		Informe médico ou citación	Previa xustificación da necesidade da súa realización dentro da xornada de traballo

**44(502).- CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE “ORGANIZACIÓN Y FORMACIÓN DE CURSOS, S.L. (OFC)” E O CONCELLO DE VIGO, PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS FORMATIVAS. EXPTE. 16444/220.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 5.05.06, conformado pola xefa da Unidade de Persoal e o concelleiro delegado de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar a sinatura do convenio entre D. Javier Guerra Fernandez, concelleiro-delegado de Área de Xestión Municipal do concello de Vigo, segundo Decreto de delegación da Alcaldía, de 2 de xaneiro de 2004, e acordo da Xunta de Goberno Local de 5 de xaneiro de 2004, e D. José María García Fernández, con D.N.I. 71.864.327 administrador da entidade “Organización y Formación de Cursos, S.L.” para a regulamentación da realización de prácticas que efectúen os alumnos do “Master en Gestion mediomambiental y auditorias”, ó obxecto de completar a súa formación., segundo o seguinte texto:

*CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE “ORGANIZACIÓN Y FORMACIÓN DE CURSOS, S.L. (OFC)” E CONCELLO DE VIGO, PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS FORMATIVAS POR PARTE DOS ESTUDIANTES DO “MASTER EN GESTIÓN AMBIENTAL Y AUDITORIAS”*

*En Vigo, a de de 2006.*

*REUNIDOS*



Dunha parte, Organización y Formación de Cursos S.L., con CIF B-33857848, e domicilio en Parque Tecnológico de Asturias, Edificio CentroElena Fase I 3ºC 33428 Llanera – ASTURIAS, e no seu nome, D. José María García Fernández, con D.N.I. 71.864.327, administrador da devandita entidade

E doutra, o concello de Vigo, con CIF P-3605700-H, e domicilio na Praza do Rei, s/n, 36201-Vigo, e no seu nome e representación, D Javier Guerra Fernandez, actuando en calidade de concelleiro-delegado de Área de Xestión Municipal do concello de Vigo, segundo Decreto de delegación da Alcaldía de data 2 de xaneiro de 2004 e acordo da Xunta de Goberno Local, de 5 de xaneiro do mesmo ano.

Ámbalas dúas partes interveñen na representación e coas facultades que os seus respectivos cargos lles confieren, bastantes en dereito para formalizar o presente Convenio de colaboración.

#### ANTECEDENTES:

Primeiro.- Que ORGANIZACIÓN Y FORMACIÓN DE CURSOS, S.L. (OFC) é una entidade de titularidade privada que realiza actividades de formación, investigación e desenvolvemento científico, interesada en colaborar cos sectores profesionais e socioeconómicos nos que se insertarán no futuro próximo os seus estudantes. ORGANIZACIÓN Y FORMACIÓN DE CURSOS, S.L. (OFC) imparte o “MASTER EN GESTIÓN AMBIENTAL y AUDITORIAS”, de 600 horas lectivas. No programa do Master figura a realización de prácticas relativas ó contido dos cursos conforme determina a lexislación vixente.

Segundo.- O concello de Vigo é unha administración pública de ámbito territorial, que ten por obxecto competencial o establecido no art. 25 da Lei 7/85, Reguladora do Réxime Local.

Terceiro.- Como consecuencia disto, é vontade de ámbalas dúas partes iniciar un programa de colaboración que permita ós alumnos de ORGANIZACIÓN Y FORMACIÓN DE CURSOS, S.L. (OFC) que realizan o “MASTER EN GESTIÓN AMBIENTAL y AUDITORIAS, realizar prácticas no concello de Vigo.

Cuarto.- A finalidade desta colaboración é proporcionar aos alumnos que realizan o “MASTER EN GESTIÓN AMBIENTAL y AUDITORIAS” a posibilidade dunha formación práctica tendente a familiarizalos cos procesos e actividades que terán que desenvolver nun futuro próximo no ámbito dos seus respectivos traballos. Esta formación habilitarase a través da presenza dos alumnos no Departamento de Medio Ambiente de concello de Vigo nas que poidan adquirir a mencionada formación.

Quinto.- Que ámbalas dúas institucións, considerando que teñen uns obxectivos en parte coincidentes e complementarios, poden mellorar o desenvolvemento dos seus respectivos cometidos mediante a colaboración e a axuda mutua, sendo os Programas de Cooperación Educativa que determina o R.D. 1497/81, do 19 de xuño de 1981, un dos fundamentos básicos que permiten a formación integral do alumno e a súa adecuada inserción no mundo ocupacional.

Estos proxectos de innovación educativa inscribíense no marco definitivo polas seguintes variables:

- Acadar unha maior interacción da teoría e a práctica como estrutura do aprendizaxe.
- Integrar nun mesmo proceso de investigación –actuación profesional e proceso de ensino– aprendizaxe.
- Crear entornos de aprendizaxe que permitan unha docencia que estimule a actividade, a iniciativa e o esforzo orientado dos alumnos.
- Incorporar metodoloxía de aprendizaxe integradoras do saber facer técnico.

Sexto.- O concello de Vigo recoñece a importancia e necesidade que para os estudantes do “ MASTER EN GESTIÓN AMBIENTAL y AUDITORIAS“ ten a realización de prácticas formativas como parte integrante da súa formación.

En vista do que ORGANIZACIÓN Y FORMACIÓN DE CURSOS, S.L. (OFC) e o concello de Vigo acordan as seguintes

#### CLÁUSULAS:

*PRIMEIRA.- Polo presente Convenio establécese o programa de cooperación educativa entre o concello de Vigo e ORGANIZACIÓN Y FORMACIÓN DE CURSOS, S.L. (OFC) para a realización de prácticas formativas por parte de estudantes do “MASTER EN GESTIÓN AMBIENTAL y AUDITORIAS”, impartido pola entidade mencionada anteriormente.*

*Por cada práctica subscribiráse un Anexo no que se recollerán os datos, entre outros, referentes ó estudante e a especialidade, ó lugar, a duración e o período de realización da práctica, xunto cos datos identificativos dos titores do Centro Organización y Formación de Cursos, S.L., e do concello de Vigo e as actividades a realizar durante a súa vixencia.*

*SEGUNDA.- As prácticas formativas que, ó abeiro do presente convenio, poden realizar os estudantes do “MASTER EN GESTIÓN AMBIENTAL y AUDITORIAS”, son “prácticas integradas no plan de estudos” e “prácticas voluntarias”.*

*TERCEIRA.- Antes da finalización do curso académico o concello de Vigo facilitará a ORGANIZACIÓN Y FORMACIÓN DE CURSOS, S.L. (OFC) o número de alumnos que poderá acoller para a realización de prácticas durante períodos vacacionais dese ano e o resto do curso académico. Nela estableceranse as datas de inicio e finalización das prácticas así como os horarios e quedas de asistencia.*

*CUARTA.- ORGANIZACIÓN Y FORMACIÓN DE CURSOS, S.L. (OFC) efectuará unha selección previa de alumnos que poidan acceder a estas prácticas, valorándose o seu expediente académico e circunstancias personais. Esta relación de seleccionados será remitida ó concello de Vigo para o seu estudio e posterior valoración.*

*QUINTA.- O CONCELLO DE VIGO recibirá ós estudantes por ela finalmente seleccionados durante un período que non excederá do cincuenta por cento do tempo íntegro que constitúe o curso académico, responsabilizándose da formación durante a súa estancia e designando un técnico que actuará como titor da mesma.*

*SEXTA.- O estudante estará suxeito ó réxime e dedicación que se estableza no programa e deberá aplicarse con toda dilixencia ás tarefas que se lle encomenden, manterse en contacto cos seus titores e garda-la confidencialidade das tarefas e informacións recibidas durante a súa estancia e unha vez finalice ésta.*

*SÉTIMA.- O CONCELLO DE VIGO e ORGANIZACIÓN Y FORMACIÓN DE CURSOS, S.L. non adquirirán outras obrigas nin compromisos distintos ós que neste documento se establecen. En particular, non derivará para o concello de Vigo, obriga algunha de carácter laboral, ó carecer desta condición a relación que se establece, nin de seguridade social. Os alumnos non terán en ningún caso vinculación ou relación laboral co concello de Vigo, nin siquera ós efectos previstos no R.D. 488/1998, sobre contratación en prácticas ou para a formación, polo que quedan expresa e absolutamente excluídos da lexislación laboral.*

*OITAVA.- Calquera eventualidade de accidente que puidera producirse durante a realización das prácticas, será contemplada a teor do seguro escolar, de acordo coa regulamentación establecida polo Decreto 2078/71, do 13 de agosto.*

*A tal efecto, os alumnos seleccionados deberán acreditar perante o concello de Vigo, antes do inicio das prácticas, a súa situación de alta no seguro escolar así como a suscripción dunha póliza de seguro que comprendan, alomenos, os posibles riscos por accidente de traballo.*

*NOVENA.- La realización deste convenio non supón contraprestación económica algunha polas entidades asinantes.*

*DÉCIMA.- O alumnado respetará en todo momento a vida profesional do concello de Vigo, especialmente coas persoas coas que establecen relación e cos recursos que utilicen.*

*DÉCIMO PRIMEIRA.- Á finalización do período de prácticas, o concello de Vigo facilitará a cada un dos alumnos un informe das actividades realizadas e valoración das mesmas con mención expresa da especialidade á que estivo orientada a súa formación, a duración e rendemento.*

*DÉCIMO SEGUNDA.- A práctica poderá interromperse por motivo xustificado por cualquiera das partes, circunstancia que deberá ser comunicada por escrito ó concello de Vigo, no prazo máximo de 5 días dende a súa interrupción.*

*DÉCIMO TERCEIRA.- Este Convenio de prácticas entrará en vigor no momento da súa sinatura e prorrogarase automaticamente por cada curso, agás denuncia expresa por cualquiera das partes, antes do mes de decembro do correspondente curso académico.*

*DÉCIMO CUARTA.- O presente Convenio ten natureza administrativa. As dúbidas na súa interpretación serán resoltas por comisión paritaria así como as discrepancias que poidan xurdir na súa execución. Das cuestións litixiosas coñecerá a xurisdicción contencioso-administrativa.*

*Así o outorgan e conveñen as partes comparecentes, asinando o presente convenio por cuadruplicado exemplar, no lugar e data no encabezamento indicados.*

*O CONCELLEIRO-DELEGADO DA ÁREA DE  
XESTIÓN MUNICIPAL,*

*O ADMINISTRADOR DE ORGANIZACIÓN Y  
FORMACIÓN DE CURSOS, S.L.,*

*Javier Guerra Fernández*

*José María García Fernández*

2º.- Todos os gastos derivados da realización das prácticas deberán ser asumidos íntegramente pola “Organización y Formación de Cursos, S.L”. O concello de Vigo non se responsabilizará de ningún gasto derivado do presente convenio, nin danos ou perdas que se poidan producir nas instalacións e dependencias municipais como consecuencia do desenvolvemento do mesmo.

3º.- Este período formativo non constitúe, baixo ningún concepto, unha relación laboral entre os alumnos e o Concello de Vigo.

**45(503).- GRATIFICACIÓN POR SERVICIOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTE ÓS MESES DE NOVEMBRO-2005 E MARZO 2006. EXPTE. 16387/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeal do 8.05.06 e de acordo co informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 26.04.06, conformado pola Excm. Alcaldesa, a Xunta de Goberno local acorda:

Asignar unha gratificación por servicios especiais e extraordinarios correspondentes os meses de NOVIEMBRE-2005 e MARZO-2006 (inclue horas de maio, xullo agosto, setembro e outubro de 2006), con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, que se aboará na nómina do vindeiro mes, ó persoal dos servicios que a continuación se indican:

- Servicio de Extinción de Incendios, relación que se achega no expte. e que comeza por don Carlos Abreu Torres, Francisco J. e remata por don José B. Villaverde Veleiro, por un total de 1.184 horas.
- Montes, Parques e Xardíns, relación que se achega no expte. e que comeza por don Alfonso Alonso Rodríguez e remata por don José Luis Vidal Alvarez, por un total e 487 horas.
- Policía Local, relación que se achega no expte. e que comeza por don Iván Abalde Casanova e rematan por don José Manuel Vieitez Vieitez, por un total de 1.902'15 horas.
- Parque Móbil, relación que se achega no expte. e que comeza por don Miguel Angel Alonso Alonso e remata por don J. Manuel Sixto Pérez, por un total de 1.126'60 horas.
- Vías e Obras, relación que se achega no expte. e que comeza por don José Luis Amoedo Cabaleiro e remata por don José Manuel Martínez González, por un total de 283 horas.
- Parque Central, relación que se achega no expte. e que comeza por don Guillermo Abelleira Porrua e remata por don J. Alfonso Pérez Fernández, por un total de 157 horas.
- Inspección Vías e Obras, relación que se achega no expte. e que comeza por don Benito Barciela Simón e rematan por don Ricardo Lobato Cameselle, por un total de 199 horas.
- Desinfección, relación que se achega no expte. e que comenza por don Ricardo González Arzua e rematan por don José Ramón Seijas Alvarez, por un total de 172 horas.
- Conserxería, relación que se achega no expte. e que comenza por dona M<sup>a</sup> Teresa Vaqueiro Herbello e rematan por don Francisco Martínez Muñoz, por un total de 57 horas.
- Alcaldía, relación que se achega no expte. e que comeza por don Basilio Costas Fernández e remata por don Cesareo Rocha Paramés, por un total de 350 horas 30 minutos.
- Museo, relación que se achega no expte. e que comeza por don Jesús Castro Naveira e rematan por don José Manuel Ogando López, por un total de 65 horas 30 minutos.

- O montante do presente expediente ascende a un total de 45.359'59 € (COARENTA E CINCO MIL TRESCENTOS CINCOENTA E NOVE EUROS CON CINCOENTA E NOVE CÉNTIMOS).

#### **46(504).- MODIFICACIÓN DO DOMICILIO SOCIAL DA XUNTA DE COMPENSACIÓN DO PERI II-05 ROCÍO. EXPTE. 4667/401.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión da Xerencia municipal de Urbanismo, que di o seguinte:

*A Xunta de Compensación do PERI II-05 Rocío foi constituída por escritura pública autorizada polo Notario de Vigo, don José Rueda Pérez de data 10.02.03, número 258 do seu protocolo. A mesma foi aprobada polo Consello da XMU o 10.04.03 e inscrita no Rexistro de entidades urbanísticas colaboradoras co número 08/03, mediante resolución do Ilmo. Sr. Director Xeral de Urbanismo da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia de 27.05.03.*

*O 6.03.06 o Presidente da Xunta de Compensación presenta dous escritos nos que se poñe de manifesto o seguinte: "(...) Que en la sesión del Consejo Rector de la Junta de Compensación de 6.02.06 se adoptó, entre otros, el acuerdo de modificar el domicilio social de la Junta de Compensación, de modo que el antiguo domicilio de la calle República Argentina, número 22-2º Oficina 3 fue sustituido por el nuevo de la Avenida de Gran Vía, número 58-Plaza España (CP 36203), en Vigo, tal y como se acredita mediante Certificación expedida por el Secretario de la Junta de Compensación, D. Francisco-Javier Estévez Cerdeira, con el Visto Bueno del anterior Presidente, D. José Luis Rodríguez Bello. Por ello, SOLICITA: Que a través de ese Excmo Concello de Vigo se proceda a comunicar la modificación del domicilio social de la Junta de Compensación del PERI II-05 Rocío al Registro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras, dependiente de la Consellería de Ordenación del Territorio, Obras Públicas y Vivienda de la Xunta de Galicia, para su inscripción en el mismo, a los efectos previstos en el artículo 27 del Reglamento de Gestión Urbanística (...)"*

*En data 7.04.06 a Dirección Xeral de Urbanismo require ó concello a subsanación remitida en relación co cambio de domicilio social por canto estima necesaria a aprobación polo Concello.*

#### **FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓN XURÍDICAS.**

*1.- Previsión nos estatutos aprobados o 19 de decembro de 2002 polo Consello da Xerencia.- O artigo 3 dos estatutos do polígono establece como domicilio social da Xunta de compensación o de Avda. de Castelao, 23-2ºizqa de Vigo. No mesmo artigo se menciona a posibilidade de que o Consello Rector sinale outro domicilio. Esta previsión é reproducida dentro das facultades previstas no Consello Rector (artigo 32.o). Polo tanto, non se trata dunha modificación dos estatutos, non obstante precisa da aprobación ou toma de coñecemento por parte do órgano municipal competente.*

*2.- Órgano competente para a adopción do presente acordo.- Tendo en conta o disposto no artigo 127.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local, o órgano competente para a adopción do presente acordo é a Xunta de Goberno Local.*

*Por todo elo, en atención o disposto no artigo 27 do real decreto 3.288/78, de 25 de agosto, de xestión urbanística, se propoñe a adopción do seguinte acordo:*

1.- Acordar a aprobación da modificación do domicilio social da entidade urbanística colaboradora "Xunta de Compensación do PERI II-05 Rocío", sendo o novo domicilio o de "Avenida Gran Vía, número 58-Plaza España (CP 36203)", tal e como se acredita por medio da certificación expedida polo secretario da Xunta de compensación e co visto e praxe do Presidente.

2.- Notificar o presente acordo á Xunta de compensación e o Rexistro de entidades urbanísticas colaboradoras para que procedan á inscrición e toma razón do cambio de domicilio.

3.- Comunicar ós interesados quq contra o presente acordo cabe interpoñer con carácter potestativo recurso de reposición no prazo dun mes ou, contencioso-administrativo perante o xulgado do mesmo orde de Vigo no prazo de dous meses dende á notificación do presente acordo.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **47(505).- APROBACIÓN DEFINITIVA DO PROXECTO DE URBANIZACIÓN DO POLÍGONO 4 PERI IV-01 S. ROQUE A –AREA DE REPARTO 2. EXPTE. 4553/401.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión da Xerencia municipal de Urbanismo, do 24.04.06 que di o seguinte:

*En data o 29.07.02, o Pleno do Concello de Vigo acordou a aprobación definitiva da modificación puntual número 23 do vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana (PXOU-93), na súa versión (abril 2002), referida ó ámbito IV-01-San Roque, redactada polos servicios técnicos e xurídicos da Oficina de planeamento da XMU (expte. 6527/411). O acordo, xunto coa nova ficha de características do sector publicáronse no BOP número 184, do 25.09.2002 e no DOGA número 192, do 04.10.2002.*

*O Consello da XMU o 21.12.2000, acordou o seguinte: "(...) Tomar coñecemento do avance do Plan Especial de Reforma Interior IV-01 San Roque A, de iniciativa municipal, redactado pols servicios técnicos municipais da oficina de Planeamento da Xerencia de Urbanismo (expte. 8570/411) (...)"*

*Con posterioridade abriuse un trámite de información pública polo prazo dun mes mediante publicación de sendos anuncios no DOGA núm. 40, do 26.02.2001 e no diario de Faro de Vigo do 2.02.2001. Así mesmo, practicouse a notificación individualizada ós interesados.*

*No mes de novembro de 2002 os servicios técnicos e xurídicos da oficina de Planeamento da Xerencia de Urbanismo presentaron o proxecto do Plan Especial de referencia, coas modificacións derivadas das suxerencias plantexadas durante o trámite de información pública e da modificación puntual núm. 23 do PXOU-93 antes citada.*

*En data 06.02.2003 o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo acordou aprobar inicialmente o citado Plan Especial. A continuación abriuse un trámite de información pública polo prazo de un mes, mediante publicación de anuncios no DOG núm. 70, do 09.04.2003 e nos xornais "Faro de Vigo" dos días 28.02.2003 e 28.03.2003; "Atlántico" do día 07.03.2003; e "La Voz de Galicia" do 29.03.2003.*

Na sesión plenaria de 28.6.04 acordou o seguinte: "(...) Primeiro: Estimar, estimar parcialmente e desestimar as alegacións interpostas durante o trámite de información pública no procedemento de referencia, no senso e polos motivos que se sinalan na parte expositiva deste acordo. (expte. 8159/411). Segundo: Aprobar definitivamente o <PERI IV-01-San Roque A>, de iniciativa municipal, redactado pola Oficina de Planeamento da Xerencia de Urbanismo, na súa última versión, de maio de 2004, coa simultánea delimitación de polígonos e áreas de normalización de fincas e fixación de sistemas de actuación contida no mesmo. Terceiro: Nos polígonos delimitados no PERI deberán constituírse entidades urbanísticas de conservación no momento da recepción das obras de urbanización, nos termos esixidos no planeamento xeral e na lexislación vixente. Cuarto.- Publíquese a parte dispositiva deste acordo no DOG e a normativa e ordenanzas do PERI no BOP. Remítaselle unha copia autenticada de dous exemplares do PERI á Consellería de Política Territorial da Xunta de Galicia. Notifíquese o contido íntegro deste acordo ós alegantes, ós propietarios do ámbito e demais interesados, coa advertencia de que contra o mesmo cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses (...)"

O 15.10.04 as entidades "Doblada, S.A.", "Vallehermoso división promoción, S.A." e "Invoga, S.A.", presentan proxecto de urbanización da AR-2 do PERI IV-01 San Roque A, elaborado por don Enrique D. Acuña Fernández e don Alberto Moreno García, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 15 de xuño de 2004. O 11 de xaneiro de 2005, as empresas anteditas, presentan reformado de proxecto de urbanización de acordo cos requerimentos de subsanación de documentación realizado polos distintos servizos do Concello, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos o 7 de xullo de 2005.

Consta no expediente informe dos servizos electromecánicos de 14 de febreiro de 2005 no que se informa favorablemente a instalación, poñendo as seguintes condicións ó alumeado público: "-Deberá comunicar a este Servizo, o inicio das obras.- O emprazamento exacto dos puntos de luz definirase conxuntamente cos técnicos municipais no replanteo previo á execución da instalación.- Os puntos de luz retirados por motivo das obras a realizar deberá ser substituídos por outros provisionais salvo cos técnicos municipais non o consideren necesario.- Antes de proceder á posta en servizo de dita instalación, xirarase inspección á mesma, o obxecto de comprobar cas obras realizadas, se axustan o proxecto presentado e están de acordo co Regulamento Electrotécnico para Baixa Tensión, na súa instrucción técnica complementaria ITC-09, coa Resolución da Dirección Xeral de Industria do 5 de setembro de 1997 e coa ordenanza municipal de alumeado público do Concello de Vigo actualizada". Con respecto á canalización de gas, o mesmo servizo informa: "Analizada a documentación correspondente o expediente de referencia; esta Oficina Técnica comunica que cumpre coa normativa vixente o respecto e a Ordenanza Municipal reguladora da distribución de gas nos proxectos de novas urbanizacións. Terase en conta o seguinte:- As canalizacións deberán cumprir os requisitos establecidos para as obras a realizar na vía pública. -As canalizacións deberán axustarse os planos adxuntos de detalles de entubados soterrados en zonas axardinadas, baixo beirarrúas e baixo calzadas. -Deberán comunicar a este servizo, o inicio das obras de canalización da rede de gas. -Unha vez finalizadas as obras, deberán entregar Certificado de Dirección das mesmas nestas oficinas, acompañando dos planos suficientes nos cales se recolla o estado final das canalizacións. Posteriormente xirarase visita de inspección; ó obxecto de comprobar cas instalacións axústanse o proxecto presentado."

Por outra parte, consta informe do enxeñeiro de montes de data 28 de febreiro de 2005, no que se constata o seguinte: "Xirada visita de inspección as obras de urbanización da Finca Pizarro IV-01 San Roque A-Área de reparto 2,o técnico que suscribe informa que examinada a documentación aportada e tendo en conta que se subsanaron as puntualizacións feitas con data 28 de outubro de 2004, considérase que as obras axústanse (no ámbito de xardinería) os requisitos deste departamento."

Por último, consta informe do enxeiro técnico de obras públicas de data 4 de marzo de 2005, cuxo contido se reproduce parcialmente: "El proyecto consiste por una parte en la ampliación de la calle Pizarro, entre la de Vázquez Varela y la glorieta de Isabel La Católica, hasta una sección transversal de 22,-metros con aceras de 5,- metros, y por otra la ordenación y urbanización de la amplia zona verde (8.500, -m2) en la zona superior del ámbito, y que incluye las cubiertas del sólido central las cuales se ajardinan convenientemente. La conservación de estas últimas, será por cuenta de la propiedad del sólido a través de la correspondiente Entidad Urbanística de Conservación. El proyecto contiene las obras necesarias para la implantación de los servicios urbanísticos habituales, estando previstas dos zonas con contenedores de RSU enterrados, situadas en la calle Pizarro. La documentación técnica está presentada en dos tomos, uno la ampliación de la calle Pizarro y el otro de la zona verde, existiendo un resumen global de toda actuación. El proyecto cumple con las vigentes NNUU, con los artículos 67 al 70 del RPU, y con el Decreto 35/2000 de accesibilidad. El inicio de las obras será notificado por la Dirección Técnica de las mismas al Coordinador del Area de Servicios para efectuar un seguimiento de estas y coordinar los diversos departamentos municipales que hayan de tener competencias una vez sean entregadas al Ayuntamiento. Al solicitar la recepción de las mismas, se facilitará lo realmente ejecutado en soporte informático. La Dirección Técnica de las obras estará obligada a presentar a la inspección municipal un Plan de Control de Calidad, y aquellos ensayos y/o documentos que avalen la idoneidad de las unidades de obra que por aquella fuesen considerados necesarios, conforme el articulado del Pliego de Prescripciones Técnicas y al mencionado control de calidad. El acuerdo de aprobación inicial, así como el inicio del periodo de exposición publica se notificará al departamento municipal de Tráfico, a las empresas Unión Fenosa , Aqualia , y a las de comunicaciones".

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de 26.12.05, adoptouse o seguinte acordo: "(...) PRIMEIRO: Aprobar definitivamente o Proxecto de Equidistribución do polígono "4", área de reparto "2", do PERI "IV-San Roque 1 A", formalizado en escritura pública outorgada no 24/10/2005 perante o notario de Vigo D. José María Rueda Pérez co núm. 2.306 do seu protocolo (Expte. 4587/401). SEGUNDO: Desestimar a solicitude de monetarización e adquisición directa do aproveitamento urbanístico de cesión legal ó Concello, polos motivos sinalados na parte positiva deste Acordo. TERCEIRO: Deberá inscribirse o Proxecto de Equidistribución no Rexistro da Propiedade e achegar a esta Administración municipal unha copia do mesmo coa referencia rexistral das fincas resultantes de titularidade municipal (...)".

Na sesión da Xunta de goberno local de 9.01.06 se acordou a aprobación inicial do proxecto de urbanización co seguinte contido na parte dispositiva: "(...) Aprobar inicialmente o Proxecto de Urbanización da Área de Reparto 2, do PERI IV-01-San Roque A, promovido polas empresas "Doblada S.A.", "Vallehermoso división promoción, S.A.", "Invoga, S.A.", elaborado por Enrique D. Acuña Fernández e don Alberto Moreno García e visado polo COAG en data 15 de xuño de 2004 e 7 de xaneiro de 2005 (...)".

O antedito acordo foi publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra de 22 de febreiro de 2006 (nº 37) e no Faro de Vigo o 24 de febreiro de 2006.

Consta no expediente certificado da Secretaria da Xerencia municipal de urbanismo de 29.03.06 no que se informa que non se presentaron alegacións.

#### DISPOSICIÓN LEGAIS APLICABLES

1. Constitución española (artigo 33, 149.1.18...).
2. Lei 7/85 (modificada pola Lei 57/03), de 2 de abril, de bases de réxime local e Real decreto legislativo 781/86, pola que se aproban as disposicións vixentes en materia de réxime local.
3. Lei 6/98, de 13 de abril, de réxime do solo e valoracións.



4. *Lei 9/02, de 31 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, modificada pola Lei 15/04.*
5. *Lei 30/92, de réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común.*

#### *FUNDAMENTOS XURÍDICOS*

*1.- Procedemento de aprobación do proxecto de urbanización.- A Lei 9/02, de 31 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, no apartado 4º do artigo 110, describe o procedemento de aprobación dun proxecto de urbanización. O proxecto de urbanización se aprobou pola Xunta de Goberno Local de 9.01.06 (127.1.e da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local), someteuse a información pública polo prazo mínimo de vinte días e deberá procederse á aprobación definitiva.*

*2.- Constitución das garantías precisas- O contido do artigo 3.8.11.i do PXOU-93 no que respecta á garantía das obras de urbanización, está afectado polo artigo 72 da Lei 9/02. Esta norma esixe a constitución dunha garantía por importe do 20% do custo estimado para a implantación dos servizos e a execución das obras de urbanización e de conexión cos sistemas xerais existentes. O texto da normativa urbanística actualmente en vigor, esixe a constitución dunha garantía do 100% no caso de que esteamos en presenza de solo urbano. A mesma ven prevista para o suposto de licencias condicionadas a completar a urbanización, pero non se realiza ningunha mención á execución de polígonos, cuxas obras de urbanización son de maior entidade que o previsto para o solo urbano consolidado. Por todo elo, en aplicación do principio *lex posterior derogat lex anterior* e de xerarquía normativa, se entende que é de aplicación o previsto no artigo 74 da Lei 9/02. Polo tanto, deberase constituir garantía por importe do 20% do custo estimado para a implantación dos servizos e a execución das obras de urbanización (1.129.126,02 €) no prazo de 3 meses dende a aprobación definitiva do proxecto de urbanización. As mesmas, hanse cancelar unha vez recibida a urbanización e transcurrido o preceptivo prazo de garantía.*

*3.- Contido do proxecto de urbanización.- Según o artigo 110 da Lei 9/02 os proxectos de urbanización son proxectos de obras que teñen por finalidade executar os servizos e dotacións establecidas no planeamento (...) non poderán modificar as previsións do planeamento que desenvolven, sen prexuízo de que poidan efectuar as adaptacións esixidas pola execución material das obras. Según os informes contidos no expediente, o proxecto de urbanización axústase a normativa actualmente en vigor, e se deduce, que non contradín o disposto no planeamento aprobado inicialmente e publicado o acordo como tal o 15 de febreiro de 2005. Por outra parte, tendo en conta os informes técnicos, o proxecto cumpre o disposto na Lei 8/97, de 20 de agosto e o Decreto 35/2000, de accesibilidade.*

*4.- Órgano competente para a adopción do acordo de incoación e resolución do expediente.- Dada a redacción do artigo 127.1.k da Lei 7/85, a competencia para a aprobación do presente acordo corresponde á Xunta de Goberno Local.*

*Por todo elo, proponse a adopción do presente A C O R D O*

*PRIMEIRO: Aprobar definitivamente o Proxecto de Urbanización da "Área de reparto 2 do PERI IV-01 San Roque", promovido polas empresa "Doblada S.A.", "Vallehermoso división promoción, S.A.", "Invoga, S.A.", elaborado por Enrique D. Acuña Fernández e don Alberto Moreno García e visado polo COAG en data 15 de xuño de 2004 e 7 de xaneiro de 2005.*

*SEGUNDO: Para que o presente acordo sexa efectivo, no prazo de 3 meses dende a aprobación definitiva do proxecto de urbanización, deberase depositar garantía por importe do 20% do orzamento (execución por contrata) do proxecto de urbanización. Non obstante, para poder solicitar licenza de obras antes da finalización e recepción definitiva das obras de urbanización, deberá substituírse a anterior garantía por outra comprensiva do 100% do orzamento do proxecto. Comunicarase o inicio das obras ó Coordinador municipal da área de servizos.*

*CUARTO: Notifíquese o contido íntegro deste Acordo ós propietarios do polígono, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpoñer, alternativamente, recurso de reposición nesta Administración municipal no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses. Comuníquese o presente acordo ó departamento de tráfico, de supervisión de proxectos e inspección de obras, electromecánicos, montes parques e xardíns, empresas "R Cable e Telecomunicaciones de Galicia, S.A.", "Telefónica de España, S.A.", "Unión Fenosa S.A.", Aqualia e "Gas Galicia S.A."*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **48(506).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A AUTOGRÚAS GIL S.L. CONSTITUÍDA POR PERMISO DE CIRCULACIÓN POLA RÚA DO PRÍNCIPE PARA COLOCACIÓN DE DOUS CONTENEDORES DE OBRA. EXPTE. 49011/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 4.05.06, conformado polo concelleiro delegado de Vías e Obras, que di o seguinte:

*Con data 23 de xuño de 2004 e con número de documento 40065873 solicitouse permiso de circulación a r/Príncipe, 49-baixo, para a colocación duns contenedores para a obra con licencia núm. 50126/421(obra menor adaptación local comercial). Ca mesma data a Policía Local remite oficio con núm. de expediente 17915/2004 onde nos solicitan informe, previo a concesión da autorización. Informado con data 28 de xuño de 2004, indícase que non existe inconveniente en acceder o solicitado condicionado, ó depósito dunha fianza de (30.000 €), Trinta mil euros, polos danos que se poideran ocasionar o patrimonio municipal, fianza que foi depositada na Tesourería municipal, con núm. de operación 200400032284 de data 02/07/2004.*

*Solicitada a devolución da fianza con data 28-04-2006 e con número de documento 60046003, procedeuse a facer unha visita de inspección con data 04-05-2006, comprobouse que os contenedores foron retirados da vía pública e o pavimento quedou en perfectas condicións.*

*Polo que se PROPON:*

*Proceder á devolución da fianza de 30.000 € – trinta mil euros, a favor de AUTOGRUAS GIL, S.L.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local acorda proceder á devolución da fianza de 30.000 € a favor de Autogruas Gil S.L.

**49(507).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O CENTRO RECREATIVO ARTÍSTICO E CULTURAL DE CORUXO PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN INFANTIL E XUVENIL. EXPTE. 1607/336.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Xuventude, do 24.03.06, conformado pola concelleira delegada da Área e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a sinatura do convenio de colaboración que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e CENTRO RECREATIVO, ARTÍSTICO E CULTURAL DE CORUXO por importe de 20.600 € (VINTE MIL SEISCENTOS ) EUROS para o desenvolvemento de actividades de dinamización infantil e xuvenil durante o ano 2006, para o cal existe consignación presupostaria con cargo á partida 4520.227.06.04.

2º.- Que se libre a cantidade de 10.300 € correspondentes ó 50% do total á sinatura deste convenio , e o 50% restante (10.300 € ) á finalización do mesmo.

*CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O CENTRO RECREATIVO ARTÍSTICO E CULTURAL DE CORUXO PARA O DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN INFANTIL E XUVENIL*

*Na casa do concello a*

*REUNIDOS*

*Dunha parte, Dña. Corina Porro Martinez , en representación do Excmo. Concello de Vigo ( C.I.F P-3605700-H ), con enderezo na Praza do Rei s/n.*

*Doutra parte, D.Telmo Varela Fernández, con D.N.I. 36.007.173, como presidente do Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo, C.I.F. G-36.627.495.*

*Ambas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos, e no exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas .*

*EXPOÑEN*

*Que a Concellería de Xuventude ten entre os seus obxectivos a dinamización xuvenil, así como o potencia-la participación, apoiando iniciativas xuvenís e das entidades prestadoras de servizos á xuventude.*

*Que unha das liñas de acción empregadas para cumpri-los obxectivos citados é a potenciación de espazos lúdicos para nen@s onde se poida combinar tempo de lecer, diversión e desenvolvemento persoal integral a traveso do xogo.*

*Que a Concellería de Xuventude vén levando a cabo nos últimos anos actividades lúdicas e de educación non formal para xoves e nen@s en diversas parroquias da cidade.*

*Que o Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo a está interesado en fomentar e potencia-la participación de tódolos tramos de idade, entre eles a d@s máis nov@s e, en especial, a d@s xoves debido ás características sociais e estruturais da zona.*

*Que, ademais, dita asociación conta coa cesión de espazos por parte do Colexio Tintureira, onde poder levar a cabo actividades lúdicas e de educación non formal.*

#### **ACORDAN**

*I.- Desenvolver un PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN INFANTIL E XUVENIL ata o mes de decembro de 2006, concretado nunha Ludoteca, que cubra as necesidades de ocio e tempo de lecer d@s máis nov@s e cun marcado carácter formativo en valores positivos para o seu desenvolvemento integral e a súa socialización.*

*II.- Este programa será levado a cabo nas instalacións do Colexio Tintureira de Coruxo , dende o 1 de xaneiro ata o 31 de de decembro do ano 2006*

*III.- Para o desenvolvemento destas actividades, o Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo presentará un PROXECTO onde se recollerán, entre outros, os contidos incorporados no ANEXO I.*

*IV.- Corresponderá ó CONCELLO DE VIGO, a traveso da Concellería de Xuventude:*

*A) Abonar a cantidade de 20.600 € (VINTE MIL SEISCENTOS ) EUROS ó Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo, mediante transferencia bancaria á conta corrente número 2080 0027 0000005814 de CAIXANOVA. Dita cantidade será aboada en dous prazos: un correspondente ó 50% do importe total á sinatura do presente convenio e outro do 50% restante á finalización do mesmo.*

*B) Garantir a prestación adecuada das actividades. Para elo, o persoal técnico da Concellería de Xuventude será o encargado do seguimento da execución do convenio , así como certificar o seu cumprimento unha vez rematadas as actividades obxecto do mesmo.*

*V.- O Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo, asume as seguintes obrigas:*

*A) Desenvolver as actividades na forma, lugar e tempo, conforme ó previsto neste convenio.*

*B) As actividades desenvolveranse, nas instalacións do Colexio Tintureira de Coruxo. Excepcionalmente, poderanse usar outras dependencias, municipais ou non, no termo municipal de Vigo, de ser así acordado polo Concello de Vigo, atendendo ás necesidades do servico, independentemente do número de nenas/os resultantes.*

*C) Velar pola boa marcha das actividades programadas, así como pola seguridade do público e participantes nas mesmas*

D) *Cumpri-lo horario de prestación do Servicio que será: de 16:30 a 20:00 horas de luns a venres tódolos meses a excepción de xullo e agosto que por vacacións escolares o colexio está pechado.*

E) *Dispor do persoal apropiado para o desenvolvemento das finalidades do servicio. Dito persoal será dun mínimo de dúas persoas que desenvolverán o seu labor na Ludoteca. Deberase acreditar que este persoal ten rematado, como mínimo, o Bacharelato ou Formación Profesional de segundo grao, así mesmo como estar en posesión dunha titulación oficial en Tempo Libre (director ou monitor de Tempo Libre homologado pola Comunidade Autónoma de Galicia) e constatar experiencia no eido da animación infantil e xuvenil, mediante currículo.*

F) *No persoal encargado das actividades observarase un comportamento axeitado e axustado ás finalidades de aquel e terásese en conta as idades e circunstancias persoais, familiares e sociais da poboación usuaria de ditos servicios.*

G) *O Programa realizarase con igualdade de trato e sen discriminación d@s usuarios.*

H) *Dispor do material funxible necesario para o desenvolvemento das actividades.*

I) *Presentar memoria descriptiva do desenvolvemento do programa, mensualmente, con datos sobre número de socios, participantes, características, as actividades desenvolvidas, os materiais empregados, empréstitos, incidencias, etc, así como a avaliación tanto dos participantes como das actividades, e a memoria económica ....., todo elo en disquete, formato word. Isto todo de cara a un coñecimento detallado do servicio por parte do Concello de Vigo.*

J) *Presentar proxectos mensuais de actividades que complementen o labor desenvolvido, debendo contar co visto e prace do persoal municipal para a súa posta en funcionamento.*

K) *Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades, así como aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados das actividades.*

L) 1.- *O Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo será o encargado de dispor dos medios necesarios para a publicidade e das actividades nos mesmos. Dita publicidade deberá ser supervisada polo persoal municipal, previamente a calquera publicación, debendo contar co visto e prace do mesmo, e sendo atendidas as indicacións que este puidera facer sobre aquela.*

2.- *Como norma xeral, en toda publicidade impresa deberá aparecer e de xeito destacado, Concellería de Xuventude, Concello de Vigo.*

3.- *A imaxe, logotipo, carteis, etc..., non poderán ser usados polo Centro Cultural, sen autorización expresa e por escrito do Concello de Vigo, a traverso da xefatura de servicio de xuventude.*

LL) *Asumir as responsabilidades que poidan derivarse da realización das actividades que se convenian.*

M) *Asistir e participar nas reunións ás que sexa convocado polo servicio de xuventude , calquera que sexa o lugar e hora sempre que se lle comunique cunha antelación suficiente de 24 hs.*

N) *Poñer en coñecimento do persoal técnico municipal, as charlas, conferencias, ponencias ou similares que se vaian desenvolver, sendo aquel o encargado de da-lo visto e prace á realización das mesmas. Isto sempre e*

*cando se desenvolvan como complementoda actividade. No caso de que a experiencia e/ou desenvolvemento destas actividades, vaian ser presentados en Congresos, encontros ou similares precisará do visto e praxe do Concello de Vigo, así como da participación dun representante municipal, cando supoña a presentación en modo de ponencia, conferencia ou similar.*

*Ñ) Admitir monitores en prácticas que o Concello destine, acordándose conxuntamente entre o persoal técnico e os técnicos municipais, o labor a desenvolver por aqueles, o período de tempo, etc.*

*O) Adquirir, repoñer, reparar ou substituir, xogos, xoguetes, discos, e todos aqueles elementos de uso público.*

*VI.- No caso de dúbida na interpretación do presente convenio, o Concello de Vigo resérvase o dereito de interpretación do mesmo.*

*Lido por ámbalas dúas partes, e como proba de conformidade co expresado no presente convenio, o asinan e o rubrican, por duplicado exemplar.*

## *ANEXO I*

### *I. FINALIDADES DOS SERVICIOS.-*

*As finalidades do servicio a prestar concrétanse entre outras conexas, complementarias e interrelacionadas, nas seguintes específicas:*

#### *A) LUDOTECA*

- 1.- Ofrece-los servicios, actividades e recursos para que @s nen@s, e a traveso do xogo e xoguete, desenvolvan a súa personalidade.*
- 2.- Propicia-la práctica do xogo en grupo e con compañeir@s de idades similares.*
- 3.- Fomenta-la cooperación e participación social d@s nen@s, aumenta-la comunicación e mellora-lo nivel de relación.*
- 4.- Estimula-la creatividade a traveso da expresión oral, plástica, etc.*
- 5.- Facilitar ós/ás nenos/as os xogos, libros e xoguetes que eles/as mesmos/as elixan en función dos seus gustos e aptitudes.*
- 6.- Fomenta-los hábitos de:*
  - Hixiene, convivencia.*

- Orde (utilizar ficheiros, fichas, recolle-los xogos e xoguetes).
- 7.- Fomenta-lo coñecemento e uso de xogos manipulativos (bonecos, títeres, xoguetes técnicos).
  - 8.- Fomenta-lo coñecemento e uso de xogos motrices (xogos deportivos, de montaxe).
  - 9.- Fomenta-lo coñecemento e uso de xogos sensoriais (xogos de sociedade, de intercomunicación, técnicas musicais).
  - 10.- Fomenta-lo coñecemento e uso de xogos tradicionais, enmarcados na historia da zona na que @s nen@s viven.
  - 11.- Fomenta-la capacidade de pensamento lóxico e estratéxico, así como as de comprensión e atención.
  - 12.- Fomenta-lo coñecemento e desenvolvemento da expresión corporal, verbal, musical.
  - 13.- Fomenta-la capacidade de respecto (ás normas do xogo, no xogo con outr@s).
  - 14.- Fomenta-lo deseño de xoguetes sinxelos, en particular, aqueles enmarcados na tradición da comunidade onde se ubica o espacio lúdico.
  - 15.- Control e estudo dos materiais e reaccións d@s nen@s ante o xogo.
  - 16.- Realizar actividades de animación a traveso do xogo.
  - 17.- Desenvolver actividades de ambientación e extraordinarias que complementen á actividade lúdica.
  - 18.- Realizar actividades de recuperación de xogos e xoguetes, enmarcadas na tradición da comunidade na que se encadra a ludoteca, facendo ós/ás nenos/as conscientes do valor que teñen como patrimonio común.
  - 19.- Diseñar orientacións para os pais e nais, en orde á adquisición de xoguetes para @s seus fill@s.
  - 20.- Fomenta-la capacidade de xogo dos pais e nais cos/coas seus/súas fillos/as e a integración dos/as mesmos/as no proceso formativo do xogo.
  - 21.- Desenvolver actividades de integración dos pais, nais e adultos, no xogo d@s cativ@s.
  - 22.- Busca-la integración e participación d@ nen@ na súa comunidade a traveso do xogo.

## II. CONDICIÓN DE EXECUCIÓN DO SERVICIO.-

O contratista comprometerase a:

A) *Desenvolve-las actividades de cada un dos servicios que serán, de xeito xenérico:*

1.- LUDOTECA

- *Empréstito de xogos e xoguetes na sala de xogos, e de empréstito de xogos e xoguetes para o exterior.*
- *Desenvolvemento de obradoiros, e actividades de animación en torno ó xogo e xoguete.*
- *Realización de exposicións, charlas, táboas redondas con pais/nais e educadores/as, en torno ó mundo do xogo e do xoguete.*
- *Realización de actividades de xeito extraordinario, de acordo co marcado no apartado I, finalidades.*
- *Realizar sesións ou actividades formativas para @s monitores en prácticas que o Concello destine nese servicio.*
- *Elaboración, cumprimentación e actualización das fichas de usuari@s e de empréstito de xogos e xoguetes da Ludoteca*

## **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

### **50(508).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO PROXECTO DE OBRAS DE MELLORA DO TRAMO URBANO DA REDE DE ESTRADAS DO ESTADO NO TERMO MUNICIPAL DE VIGO. EXPTE. 4674/401.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Negociado de Contratación, do 24.04.06, conformado polo xefe de Área de Contratación e polo concelleiro de Infraestructuras, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar o gasto de 2.880.651,00 euros para a execución do proxecto de mellora do tramo urbano da rede de estradas do estado no termo municipal de Vigo (Avenida do Aeroporto N-556 e Primeiro Cinto). O expediente tramítase como anticipado de gasto condicionándose a execución do contrato a existencia de crédito adecuado e suficiente para a execución do mesmo.



2º.- Aprobar o prego de condicións administrativas para a contratación por concurso aberto das obras de mellora do tramo urbano da rede de estradas do estado no termo municipal de Vigo (Avenida do Aeroporto N-556 e Primeiro Cinto), do 10.05.06.

3º.- Convocar o concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente por tramite de urxencia.

**51(509).- PETICIÓN DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA DOTACIÓN DE SERVICIOS BÁSICOS NAS PRAIAS 2006. 4273/306.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico Supervisor de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, do 12.05.06, conformado polo concelleiro delegado de Medio Ambiente, que di o seguinte:

*O xoves 30 de marzo de 2006, publicáronse no Boletín Oficial de Pontevedra, no nº 63, as “Bases reguladoras das subvencións ás entidades locais para a dotación dos servizos básicos ás praias 2006”.*

*O Municipio de Vigo conta con vintecinco praias das que se solicitan a declaración de zona de baño habilitada segundo decreto 240/2000. A estas praias contróláselles a calidade da auga de baño semanalmente durante a temporada de baño.*

*Este ano solicitamos a concesión de Bandeiras Azuis para sete delas: areal da Punta (Teis), Tombo do Gato (Alcabre), Argazada (Alcabre), Fontaiña (Coruxo), Vao (Coruxo), Canido (Oia) e Rodas (Illas Cíes). Algunhas teñen deficiencias por ausencia ou mala conservación de servizos hixiénicos (minusválidos), accesos, perda de area, etc.*

*Son obxecto de axudas para servizos básicos nas praias os investimentos realizados en equipamentos para o mantemento das praias nas debidas condicións de hixiene e seguridade: duchas, puntos de auga potable, torres de vixilancia, megafonía para a advertencia de perigo, balizaxes para separación de zonas de baño, sinalización adecuada de servizos básicos e accesos, maquinaria de limpeza e demais equipamentos necesarios para este fin, segundo estipula a terceira das bases reguladoras no seu apartado 3.1.*

*Considerando que a terceira das bases reguladoras no seu apartado 3.2 dispón que “as axudas económicas poderán acadar o 75 por 100 do investimento realizado, ata un máximo de trinta e seis mil sesenta e un euros (36.061 euros) por proxecto” e o Concello de Vigo podería aportar a cantidade restante, propoño solicitar subvencións para os seguintes proxectos:*

- Proxecto 1: Adquisición de mobiliario hixiénico: compra e colocación de duchas conectadas ao saneamento.*
- Proxecto 2: Reparación de servizos hixiénicos en praias.*
- Proxecto 3: Reparación e dotación de pasarelas de madeira en areais.*

- ❑ *Proxecto 4: Compra de materiais para a fabricación de torres de vixilancia para areas e mastros para a colocación de bandeiras de sinalización.*

*Polo que se propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*Acollerse as “Axudas ás entidades locais para dotación de servizos básicos ás praias 2006” dacordo coas bases publicadas no Boletín Oficial de Pontevedra nº 63, do xoves 30 de marzo de 2006, có obxecto de proceder á mellora dos servizos básicos das praias, dacordo cós proxectos presentados por orde de prioridade para as praias para as que se solicita Bandeira Azul, e comprométese a realizar esta actuación, no caso de ser concedida, aportando o Concello a parte correspondente das seguintes partidas:*

*4533.210.00.00 Mantemento en praias*

*4533.227.06.00 Estudos previos e proxectos*

*Acordo*

*A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.*

**52(510).- DENEGACIÓN DE AMPLIACIÓN DE PRAZO PARA A REDACCIÓN DE PROXECTO DE OBRAS DO MERCADO DO PROGRESO E ENCARGO DA REDACCIÓN DUN PROXECTO A ARQUITECTO MUNICIPAL. EXPTE. 17690/240.**

*A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.*

*Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 12.05.06, conformado polo primeiro tenente de Alcalde, que di o seguinte:*

*NORMATIVA DE APLICACIÓN*

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local (LBRL).*
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRJAP).*
- Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, RD 2568/1986, de 28 de novembro (ROF).*

*ANTECEDENTES:*

*Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, en data 10 de abril de 2004, acordou, entroutros extremos, “Comunicar á Asociación de Comerciantes y Vendedores del Mercado del Progreso de Vigo a obriga de proceder á realización, con carácter de urxencia, das reparacións que se citarán a continuación, propostas nos informes realizados polos distintos servizos municipais, necesarias por motivos de seguridade e salubridade, e concedéndolle, ó efecto, o prazo de tres meses.... Dada a urxencia e necesidade inaprazable das obras, polos motivos mencionados, nos quince primeiros días do prazo concedido, deberá comunicar ó departamento de patrimonio do Concello a súa intención de realizalas, presentado proxecto visado polo técnico correspondente. En caso contrario, a Administración procederá a realizar as mesmas con cargo ó concesionario”. Este acordo lle foi notificado á concesionaria en data 12 de abril de 2006, polo que o prazo remataba o día 3 de maio do mesmo ano.*

*Segundo.- D<sup>a</sup>. Lourdes Gil Moure, en nome e representación da Asociación de Comerciantes y Vendedores de El Mercado de El Progreso de Vigo, en escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 3 de maio de 2006, data na que finalizaba o prazo, tras manifestar a súa vontade de executar as obras as que está obrigada a concesionaria de conformidade co contrato suscrito, limitouse a solicitar a prórroga do prazo de quince días inicialmente concedido por un mes máis, xustificando a necesidade da prórroga en que as obras as que fai referencia o informe son numerosas, máis sen aportar proxecto de obras visado polo técnico correspondente, tal e como se lle solicitaba.*

#### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS:**

*Primeiro.- En virtude do acordo plenario de 31 de marzo de 2003 acordouse adxudicar á Asociación de Comerciantes e Vendedores do Mercado do Progreso de Vigo a concesión da xestión do servizo do Mercado do Progreso de Vigo, por un prazo de 25 anos, e un canon de 72,12 euros, de acordo co prego de condicións aprobado por acordo plenario de 30 de novembro de 1993 e a oferta presentada, formalizándose o contrato en documento administrativo en agosto de 2004.*

*Segundo.- A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente de data 10 de marzo de 2006, acordou adoptar a medida cautelar excepcional de asumir a execución directa do servizo do Mercado municipal do Progreso ata a substanciación dun expediente informativo que determinase as causas que motivaron a deficiente xestión do servizo de mercado por parte da asociación concesionaria e co fin de garantir a correcta prestación do mesmo, medida que foi prorrogada por acordo do mesmo órgano de data 10 de abril de 2006, resolvendo o mencionado expediente informativo.*

*Terceiro.- O artigo 49.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común permite á Administración, salvo precepto en contrario, conceder de oficio ou a petición dos interesados, unha ampliación dos prazos establecidos, que non exceda da metade dos mesmos, se as circunstancias o aconsellan e non se perxudican con esta medida dereitos de terceiro, e sempre e cando, tanto a petición dos interesados como a decisión sobre a ampliación, se produzan antes do vencemento do prazo de que se trate, pois non resulta posíbel a ampliación de prazos vencidos (artigo 49.3 LRJAP). No presente caso, dado que a ampliación solicitouse o derradeiro día do prazo, foi imposíbel o cumprimento dos trámites necesarios para acordar a mesma antes do vencemento do prazo, pois ó organo competente para acordar a ampliación solicitada é a Xunta de Goberno Local, que é un organo colexiado. Consonte o disposto no artigo 113.1. a) ROF entre a convocatoria e a celebración da sesión deste órgano non poderan transcorrir menos de 24 horas, salvo no caso das sesións extraordinarias e urxentes (que non é o caso) nas que, antes de entrar a coñecer os asuntos incluídos na orde do día, deberá de ser declarada a urxencia por acordo favorábel da maioría dos seus membros.*

Cuarto.- No mencionado acordo da Xunta de Goberno Local de data 10 de abril de 2006, xustificábase a urxencia das obras cuia realización requeriase á concesionaria, Asociación de Comerciantes y Vendedores del Mercado del Progreso de Vigo, no feito de resultar necesarias e inaprazabres por motivos de seguridade e salubridade, segundo tiñan informado ós servizos municipais de Laboratorio, Electromecánicos e a Oficina de Obras e Proxectos municipais da Xerencia Municipal de Urbanismo, e prevíase expresamente que en caso de non ser atendido o requirimento polo concesionario, esta Administración procedería a realizar as obras con cargo ó mesmo. A data do presente informe, e transcorrido en exceso o prazo de 15 días concedido para a presentación do proxecto de obras visado por técnico competente, en cumprimento do acordado, procede a realización das obras polo Excmo. Concello de Vigo, para o que faíse preciso a previa redacción do correspondente proxecto de obras.

Quinto.- A competencia correspóndelle a Xunta de Goberno Local, conforme ó disposto no artigo 127.1.f LBRL.

En virtude do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Denegar a ampliación do prazo de 15 días concedido á Asociación de Comerciantes y Vendedores de El Mercado de El Progreso de Vigo, para a presentación dun proxecto de obras do Mercado do Progreso visado por técnico competente, solicitado pola mesma en escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 3 de maio de 2006, dada a imposibilidade de ampliación dos prazos vencidos, por imperativo do disposto no artigo 49.3 LRJAP.

2º.- Encargar ó Sr. Arquitecto municipal da Oficina de Obras e Proxectos municipais da Xerencia Municipal de Urbanismo, D. Juan Luis Piñeiro Ferradás, a redacción do proxecto de obras do Mercado do Progreso.”

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **53(511).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE ALUGER DO INMOBLE DA ESTRADA DO VAO Nº 151. EXPTE. 3741/77**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 9.05.06, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 8.05.06, conformado pola concelleira de Promoción económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar a prórroga do contrato de aluguer do inmoible situado na Estrada do Vao nº 151 desta cidade, do que é propietaria a "Comunidad de Herederos de Adolfo Abraín Domingo", con CIF G36746527, representada por D Adolfo S. Abraín de Castro, con NIF 00.704.989-Q. As condicións esenciais desta prórroga son as que seguen: A duración da prórroga do contrato será de un ano e un mes e

medio (13,5 meses), a partir do 15/05/2006, sendo o prezo do aluguer que deberá satisfacer o Concello de Vigo á propiedade de 2.431,52 euros/mes (IVE engadido).

**54(512).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás nove horas e vinte minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Lucía Molaes Pérez.